

Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro, de Calidade da Educación.  
(BOE nº 307, 24-dec-2002)

**Sumario:**

TÍTULO PRELIMINAR.

CAPÍTULO I. DOS PRINCIPIOS DE CALIDADE.

Artigo 1. Principios.

CAPÍTULO II. DOS DEREITOS E DEBERES DE PAIS E ALUMNOS.

Artigo 2. Alumnos.

Artigo 3. Pais.

CAPÍTULO III. DAS BOLSAS E AXUDAS Ó ESTUDIO E DOS  
PREMIOS E RECOÑECEMENTOS.

Artigo 4. Bolsas e axudas ó estudio.

Artigo 5. Premios e recoñecementos.

CAPÍTULO IV. DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN.

Artigo 6. Programas de cooperación.

TÍTULO I. DA ESTRUCTURA DO SISTEMA EDUCATIVO.

CAPÍTULO I. DOS PRINCIPIOS XERAIS.

Artigo 7. Ámbito.

Artigo 8. Currículo.

Artigo 9. Ensinanza básica.

CAPÍTULO II. DA EDUCACIÓN PREESCOLAR.

Artigo 10. Ámbito.

CAPÍTULO III. DA EDUCACIÓN INFANTIL.

Artigo 11. Principios xerais.

Artigo 12. Obxectivo.

Artigo 13. Organización.

CAPÍTULO IV. DA EDUCACIÓN PRIMARIA.

Artigo 14. Principios xerais.

Artigo 15. Obxectivo.

Artigo 16. Organización.

Artigo 17. Avaliación.

Artigo 18. Avaliación xeral de diagnóstico.

Artigo 19. Profesorado.

## CAPÍTULO V. DA EDUCACIÓN SECUNDARIA.

Artigo 20. Ámbito.

### SECCIÓN I. DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

Artigo 21. Principios xerais.

Artigo 22. Obxectivo.

Artigo 23. Organización.

Artigo 24. Métodos.

Artigo 25. Medidas de reforzo e apoio.

Artigo 26. Itinerarios.

Artigo 27. Programas de iniciación profesional.

Artigo 28. Avaliación.

Artigo 29. Promoción.

Artigo 30. Avaliación xeral de diagnóstico.

Artigo 31. Título de Graduado en educación secundaria obrigatoria.

Artigo 32. Profesorado.

### SECCIÓN II. DO BACHAREL.

Artigo 33. Principios xerais.

Artigo 34. Obxectivo.

Artigo 35. Organización.

Artigo 36. Profesorado.

Artigo 37. Título de Bacharel.

## CAPÍTULO VI. DA FORMACIÓN PROFESIONAL.

Artigo 38. Acceso.

Artigo 39. Convenios.

## CAPÍTULO VII. DA ATENCIÓN ÓS ALUMNOS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS.

### SECCIÓN I. DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES PARA UNHA EDUCACIÓN DE CALIDADE.

Artigo 40. Principios.

Artigo 41. Recursos.

### SECCIÓN II. DOS ALUMNOS ESTRANXEIROS.

Artigo 42. Incorporación ó sistema educativo.

### SECCIÓN III. DOS ALUMNOS SUPERDOTADOS INTELECTUALMENTE.

Artigo 43. Principios.

#### SECCIÓN IV. DOS ALUMNOS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.

Artigo 44. Ámbito.

Artigo 45. Valoración de necesidades.

Artigo 46. Escolarización.

Artigo 47. Recursos dos centros.

Artigo 48. Integración social e laboral.

#### TÍTULO II. DAS ENSINANZAS DE IDIOMAS.

Artigo 49. Ámbito e estrutura.

Artigo 50. Escolas Oficiais de Idiomas.

Artigo 51. Realización de probas no sistema escolar.

#### TÍTULO III. DA APRENDIZAXE PERMANENTE: ENSINANZAS PARA AS PERSOAS ADULTAS.

Artigo 52. Obxectivo.

Artigo 53. Ensinanza básica.

Artigo 54. Ensinanzas de bacharelato e formación profesional.

Artigo 55. Profesorado.

#### TÍTULO IV. DA FUNCIÓN DOCENTE.

Artigo 56. Funcións do profesorado.

#### CAPÍTULO I. DA FORMACIÓN DO PROFESORADO.

Artigo 57. Principios.

Artigo 58. Formación inicial.

Artigo 59. Formación permanente.

#### CAPÍTULO II. DA VALORACIÓN DA FUNCIÓN PÚBLICA DOCENTE.

Artigo 60. Plans de valoración.

Artigo 61. Avaliación voluntaria.

Artigo 62. Medidas de apoio ó profesorado.

#### TÍTULO V. DOS CENTROS DOCENTES.

##### CAPÍTULO I. DOS PRINCIPIOS XERAIS.

Artigo 63. Réxime xurídico.

Artigo 64. Clasificación de centros.

Artigo 65. Tipoloxía de centros.

Artigo 66. Centros docentes con especialización curricular.

Artigo 67. Autonomía dos centros.  
Artigo 68. Autonomía pedagóxica.  
Artigo 69. Autonomía organizativa.  
Artigo 70. Autonomía de xestión económica.

## CAPÍTULO II. DOS CENTROS PÚBLICOS.

Artigo 71. Denominación dos centros públicos.  
Artigo 72. Admisión de alumnos.

## CAPÍTULO III. DOS CENTROS PRIVADOS.

Artigo 73. Carácter propio dos centros privados.  
Artigo 74. Centros privados no exterior.

## CAPÍTULO IV. DOS CENTROS CONCERTADOS.

Artigo 75. Concertos.  
Artigo 76. Módulos do concerto.

## CAPÍTULO V. DOS ÓRGANOS DE GOBERNO, ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN NO CONTROL E XESTIÓN E ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS.

### SECCIÓN I. PRINCIPIOS XERAIS.

Artigo 77. Principios.  
Artigo 78. Tipos de órganos.

### SECCIÓN II. ÓRGANOS DE GOBERNO.

Artigo 79. Director.  
Artigo 80. Equipo directivo.

### SECCIÓN III. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN NO CONTROL E XESTIÓN DOS CENTROS

Artigo 81. Consello Escolar.  
Artigo 82. Atribucións do Consello Escolar.  
Artigo 83. Claustro de Profesores.  
Artigo 84. Atribucións do Claustro de Profesores.

### SECCIÓN IV. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN.

Artigo 85. Órganos de coordinación docente.

## CAPÍTULO VI. DA SELECCIÓN E NOMEAMENTO DO DIRECTOR DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS.

Artigo 86. Principios xerais.  
Artigo 87. Requisitos.

- Artigo 88. Procedemento de selección.
- Artigo 89. Nomeamento.
- Artigo 90. Duración do mandato.
- Artigo 91. Nomeamento con carácter extraordinario.
- Artigo 92. Apoio ó exercicio da función directiva.
- Artigo 93. Cese do director.
- Artigo 94. Recoñecemento da función directiva.

## TÍTULO VI. DA AVALIACIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO.

- Artigo 95. Ámbito da avaliación.
- Artigo 96. Instituto Nacional de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.
- Artigo 97. Avaliacións xerais de diagnóstico.
- Artigo 98. Sistema Estatal de Indicadores da Educación.
- Artigo 99. Plan de Avaliación Xeral do Sistema.
- Artigo 100. Publicación dos resultados das avaliacións.
- Artigo 101. Outros plans de avaliación.

## TÍTULO VII. DA INSPECCIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO.

- Artigo 102. Inspección do sistema educativo.

### CAPÍTULO I. DA ALTA INSPECCIÓN.

- Artigo 103. Ámbito.
- Artigo 104. Competencias.

### CAPÍTULO II. DA INSPECCIÓN EDUCATIVA.

- Artigo 105. Funcións.
- Artigo 106. Organización da inspección educativa.
- Artigo 107. Formación dos inspectores de educación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. Do calendario de aplicación da Lei.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Da área ou materia de sociedade, cultura e relixión.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA. Dos libros de texto e demais materiais curriculares.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. Do calendario escolar.

DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA. Sobre a admisión de alumnos nos centros sostidos con fondos públicos en caso de non existir prazas suficientes.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA. Dos centros que estean autorizados para impartir-lo primeiro ciclo de educación infantil.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SÉTIMA. Dos centros autorizados para impartir-la modalidade de Ciencias da Natureza e da Saúde e a modalidade de Tecnoloxía no bacharelato.

DISPOSICIÓN ADICIONAL OITAVA. Bases do réxime estatutario da función pública docente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA. Creación dos corpos de catedráticos de ensinanza secundaria, de catedráticos de escolas oficiais de idiomas e de catedráticos de artes plásticas e deseño.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMA. Funcións dos corpos de catedráticos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL UNDÉCIMA. Carreira docente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DUODÉCIMA. Do título profesional de Especialización Didáctica.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO TERCEIRA. Concertación dos Programas de Iniciación Profesional.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO CUARTA. Centros integrados de formación profesional.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO QUINTA. Da información de carácter tributario.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO SEXTA. Participación dos directores.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO SÉTIMA. Dobre titulación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO OITAVA. Concertación da educación infantil.

DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO NOVENA. Progresividade no acceso ó réxime de concertos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA. Da duración do mandato dos órganos de goberno dos centros.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA. Da adaptación dos centros que imparten educación infantil.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA. Adquisición da categoría de director.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA CUARTA. Mobilidade dos funcionarios dos corpos docentes.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA QUINTA. Vixencia de normas regulamentarias.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEXTA. Transformación dos concertos.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SÉTIMA.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. Modificacións da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. Modificación da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.

DISPOSICIÓN FINAL TERCEIRA. Das referencias á condición de catedrático e ó termo ensinanzas comúns.

DISPOSICIÓN FINAL CUARTA. Modificación da Lei Orgánica 9/1995, de 20 de novembro, de Participación, Avaliación e Goberno dos Centros Docentes.

DISPOSICIÓN FINAL QUINTA. Dos Inspectores de Educación.

DISPOSICIÓN FINAL SEXTA. Do título competencial.

DISPOSICIÓN FINAL SÉTIMA. Vixencia da Lei 12/1987, de 2 de xullo, sobre establecemento da gratuidade dos estudos de bacharelato, formación

profesional e artes aplicadas e oficios artísticos nos centros públicos e a autonomía de xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.

DISPOSICIÓN FINAL OITAVA. Da alta inspección.

DISPOSICIÓN FINAL NOVENA. Desenvolvemento da presente Lei.

DISPOSICIÓN FINAL DÉCIMA. Do carácter de Lei Orgánica da presente Lei.

DISPOSICIÓN FINAL UNDÉCIMA. Da entrada en vigor.  
Juan Carlos I,

Rei de España

A tódolos que a presente visen e entendesen. Sabede:  
Que as Cortes Xerais aprobaron e Eu veño sanciona-la seguinte Lei Orgánica.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os cambios tecnolóxicos transformaron as sociedades modernas en realidades complexas, afectadas por un forte dinamismo que ten no coñecemento e na información o motor do desenvolvemento económico e social. Neste novo contexto, as expectativas dos cidadáns a respecto do papel dos sistemas de educación e formación aumentaron notablemente. En consonancia con iso, a busca de políticas educativas acertadas, máis axustadas ás novas realidades, converteuse nunha preocupación xeral dos poderes públicos.

A educación atópase hoxe no centro dos desafíos e das oportunidades das sociedades do século XXI. Gracias ós esforzos dos cidadáns e ó continuo impulso dos gobernos, o acceso á educación universalizouse, converténdose nun dereito fundamental e efectivo dos cidadáns.

A educación, que une o pasado e o futuro dos individuos e as sociedades, está sempre influída polo mundo do coñecemento e polo dos valores, polas lexítimas expectativas dos individuos e polas esixencias razoables da vida en común. Pero nunca coma hoxe foi máis necesaria a converxencia entre esas dimensións esenciais da educación, nunca foi tan evidente que calidade e equidade, desenvolvemento económico e cohesión social, non son elementos contrapostos, senón obxectivos ineludibles, á vez que complementarios, do avance das nosas sociedades.



Como é obvio, os sistemas educativos están afectados por ese maior dinamismo e complexidade da realidade social. Precisamente por iso, as reformas educativas deixaron de ser acontecementos excepcionais e convertéronse en procesos relativamente continuados de revisión, axuste e mellora. Trátase de procesos necesarios para atender as novas esixencias e retos da educación que comparecen na escena política, social e económica, e tamén, para evitar que a rixidez dos marcos normativos se rompa polo empuxe dunha realidade en continuo cambio que, con frecuencia, sobrepasa a aqueles.

O logro dunha educación de calidade para todos, que é o obxectivo esencial da presente Lei, é un fin que funde as raíces nos valores humanistas propios de nosa tradición cultural europea. E ademais, constitúe, no momento presente, un instrumento imprescindible para un mellor exercicio da liberdade individual, para a realización persoal, para o logro de cotas máis elevadas de progreso social e económico e para conciliar, en fin, o benestar individual e o benestar social.

España non é allea ós desafíos do presente e do futuro, como tampouco foi allea ós cambios experimentados pola educación ó longo da historia. Durante o século XX, a educación ocupou tamén o centro dunha complexa relación entre a acción do Estado, as iniciativas privadas e as demandas da sociedade.

Na súa historia recente, o desenvolvemento económico, social e cultural de España viuse menoscabado pola insuficiente cualificación dos seus cidadáns. A universalización da educación primaria non se completou ata entrada a segunda metade do século XX, aínda que o noso nivel de escolarización na educación secundaria e universitaria xa fose, daquela, similar ó dos países europeos de noso contorno.

Esta situación obedecía ó feito de que a demanda social de educación, en países con relativo atraso, acostuma localizarse, sobre todo, nos sectores xa educados, de forma que a súa extensión á poboación con baixo nivel de instrución requiriu, ademais da acción -tradicional neste campo- da Igrexa Católica, a de moi diversas iniciativas privadas e, desde logo, da vontade e da acción decidida do Estado.

Hoxe, coa perspectiva dun século, sabemos que as políticas educativas públicas experimentaron un salto cuantitativo e cualitativo na súa eficacia, sobre todo, a partir do comezo da década dos setenta do pasado século XX. Custou máis de cen anos levar á práctica a educación primaria obrigatoria e

gratuíta, que fora establecida na chamada Lei Moyano, de 1857. Nos últimos trinta anos, en cambio, a educación obrigatoria e gratuíta xeneralizouse no noso país, ampliándose ata os dezaseis anos.

A sociedade española afrontou, pois, unha profunda transformación nos últimos decenios. Conseguiu, á vez, resolver positivamente os seus propios cambios internos e encara-los procesos de adaptación requiridos pola integración de España na Unión Europea. En poucas décadas, as condicións de desenvolvemento de España melloraron considerablemente, e hoxe pode comprobarse empiricamente cómo resultou benéfica a eses efectos a maior cualificación dos cidadáns: é unha evidencia que a mellora substancial do nivel educativo medio que experimentou España ó longo das dúas últimas décadas do século XX fixo da educación un dos factores máis importantes de aceleración do crecemento económico e do benestar social do país.

Nese esforzo común desempeñaron un papel importante as reformas previas do noso sistema educativo. A extensión e universalización da educación básica non só supuxo un avance substancial de cara á efectiva igualdade de oportunidades; tamén facilitou un incremento nos diferentes niveis de cualificación dunha boa parte da mocidade española.

Con todo, ese innegable progreso histórico non debe ocultar unha serie de importantes deficiencias que hoxe mostra o noso sistema educativo. Son deficiencias que deben ser subsanadas porque así o requiren o futuro dos nosos xoves, as aspiracións das familias e as necesidades da nosa economía e da nosa sociedade.

A consecuencia do exposto é que os problemas do sistema educativo non se concentran xa arredor da tarefa de universaliza-la educación básica. Concrétanse, máis ben, na necesidade de reduci-las elevadas taxas de abandono da educación secundaria obrigatoria; de mellora-lo nivel medio dos coñecementos dos nosos alumnos; de universaliza-la educación e a atención á primeira infancia e na necesaria ampliación da atención educativa á poboación adulta.

O desafío consiste en integrar todos eses obxectivos na perspectiva dunha educación e dunha formación ó longo de toda a vida, na que as diferentes etapas educativas forman un continuo, e relaciónanse entre si tanto desde o punto de vista da eficacia das accións educativas como desde o da eficiencia da inversión pública en educación.

Conseguí-lo maior poder cualificador do sistema educativo xunto á integración neste do máximo número posible de alumnos, son obxectivos esenciais desta reforma.

O carácter certamente histórico dos avances conseguidos non debe nin pode xustificar autocompracencia ningunha. As avaliacións e as análises do noso sistema educativo, efectuadas por organismos e institucións tanto nacionais como internacionais, revelan deficiencias de rendemento preocupantes con relación ós países do noso contorno económico e cultural. Esas deficiencias maniféstanse, particularmente, na educación secundaria. Así, unha cuarta parte do alumnado non obtén o título de Graduado en educación secundaria obrigatoria, e abandona o sistema sen titulación nin cualificación. Ademais, os nosos alumnos sitúanse por debaixo da media da Unión Europea nos seus coñecementos de materias instrumentais como as matemáticas e as ciencias, fundamentais nunha realidade social e económica na que a dimensión científico-tecnolóxica do coñecemento é primordial. Así mesmo, presentan graves deficiencias de expresión oral e escrita que están relacionadas coa falta de hábito de lectura, que ha ser potenciado cun mellor uso e funcionamento das bibliotecas escolares.

Por outra parte, a plena integración de España no contexto europeo comporta unha maior apertura e esixe un maior grao de homologación e flexibilidade do sistema educativo. Esixe tamén que os alumnos poidan adquirir destrezas que, como a capacidade de comunicarse -tamén noutras linguas-, a de traballar en equipo, a de identificar e resolver problemas, ou a de aproveita-las novas tecnoloxías para todo iso, resultan hoxe irrenunciabes. Estas competencias permitiranlles saca-lo máximo proveito posible, en termos de formación, de cualificación e de experiencia persoal, do novo espazo educativo europeo. Os compromisos adoptados no marco da Unión Europea con respecto ós sistemas de educación e formación dos países membros requiren, ademais, a efectiva adaptación da realidade educativa de cada país ás novas esixencias, de conformidade cos procedementos de cooperación existentes.

Nunha sociedade que tende á universalización, unha actitude aberta, a capacidade para tomar iniciativas e a creatividade, son valores fundamentais para o desenvolvemento profesional e persoal dos individuos e para o progreso e crecemento da sociedade no seu conxunto. O espírito emprendedor é necesario para facer fronte á evolución das demandas de emprego no futuro.

Hai aínda un novo desafío, que apareceu de forma súpeta no escenario educativo e social de España, e que precisa dun tratamento adecuado. En

efecto: o rápido incremento da poboación escolar procedente da inmigración demanda do sistema educativo novos instrumentos normativos, que faciliten unha efectiva integración, educativa e social, dos alumnos procedentes doutros países que, con frecuencia, falan outras linguas e comparten outras culturas. Pois o grao de integración social e económica dos adultos depende, a medio e longo prazo, da capacidade de integración, por parte do sistema educativo, de nenos e adolescentes procedentes da inmigración.

Para acometer con posibilidades de éxito os retos deste novo contexto social e económico, resulta necesario introducir modificacións nos marcos normativos ata agora en vigor, que faciliten a adaptación ordenada da educación española á nova situación, mediante a acción pertinente dos poderes públicos.

As medidas encamiñadas a promover a mellora da calidade do sistema educativo que contempla a presente Lei organízanse arredor de cinco eixes fundamentais, que reflicten os principios de concepción da Lei e, á vez, orientan, en termos normativos, as políticas que nela se formulan, desde o respecto ós correspondentes ámbitos competenciais.

Este novo pulo reformador que a Lei promove susténtase, tamén, na convicción de que os valores do esforzo e da esixencia persoal constitúen condicións básicas para a mellora da calidade do sistema educativo, valores con perfís que se foron desdibuxando á vez que se debilitaban os conceptos do deber, da disciplina e do respecto ó profesor.

En canto ós valores, é evidente que a institución escolar se ve considerablemente beneficiada cando se apoia nun consenso social, realmente vivido, sobre certas normas e comportamentos das persoas que, ademais de seren valiosos en si mesmos, contribúen ó bo funcionamento dos centros educativos e favorecen o seu rendemento. Pero, sen ignora-lo considerable beneficio que, no concenrente á transmisión de valores, aporta á escola o apoio do medio social, o sistema educativo tivo, ten e terá as súas propias responsabilidades, que non pode nin debe abandonar. Neste sentido, a cultura do esforzo é unha garantía de progreso persoal, porque sen esforzo non hai aprendizaxe. Por iso, que os adolescentes forxen o seu futuro nun sistema educativo que sitúa nun lugar secundario esa realidade, significa mergullalos nun espellismo que comporta, a medio prazo, un elevado custo persoal, económico e social difícil de soportar tanto no plano individual coma no colectivo.

É precisamente un clima que non reconece o valor do esforzo o que resulta máis prexudicial para os grupos sociais menos favorecidos. En cambio, nun clima escolar ordenado, afectuoso pero esixente, e que goza, á vez, tanto do esforzo por parte dos alumnos como da transmisión de expectativas positivas por parte do mestre, a institución escolar é capaz de compensar as diferenzas asociadas ós factores de orixe social.

O segundo eixe de medidas da Lei consiste en orientar máis abertamente o sistema educativo de cara ós resultados, pois a consolidación da cultura do esforzo e a mellora da calidade están vinculadas á intensificación dos procesos de avaliación dos alumnos, dos profesores, dos centros e do sistema no seu conxunto, de modo que uns e outros poidan orientar convenientemente os procesos de mellora. Esta acentuación da importancia dos resultados non supón, de ningún xeito, ignorar o papel dos procesos que conducen a aqueles, nin dos recursos nos que uns e outros se apoian. A avaliación, é dicir, a identificación dos erros e dos acertos non só é un factor básico de calidade; constitúe, ademais, un instrumento ineludible para facer intelixentes políticas educativas a tódolos niveis e para incrementar, progresivamente, a súa oportunidade e a súa adecuación ós cambios.

O terceiro dos eixes que inspiran a concepción reformadora da presente Lei consiste en reforzar significativamente un sistema de oportunidades de calidade para todos, empezando pola educación infantil e rematando polos niveis postobrigatorios. Conforme se dixo, no contexto dunha sociedade baseada no coñecemento, a educación e a formación convertéronse hoxe nos elementos clave para o logro dos obxectivos de progreso persoal, social e económico. Precisamente por iso, o noso sistema de educación e formación debe asimilarse a unha mesta rede de oportunidades, que permita a cada individuo transitar por ela e alcanza-los seus propios obxectivos de formación. O sistema educativo debe procurar unha configuración flexible, que se adapte ás diferenzas individuais de aptitudes, necesidades, intereses e ritmos de maduración das persoas, xustamente para non renunciar ó logro de resultados de calidade para todos.

A propia diversidade do alumnado aconsella unha certa variedade de traxectorias, pero, de acordo coa Lei, é responsabilidade dos poderes públicos que calquera delas estea igualmente aberta ó futuro, asegure a todos a adquisición de competencias cualificadoras para as posteriores etapas educativas, formativas ou laborais, e garanta unha calidade equivalente dos diferentes procesos formativos.

O cuarto eixe que orienta os obxectivos da presente Lei refírese ó profesorado. Pola fundamental importancia que ten a calidade da relación profesor-alumno, núcleo da educación, para obter bos resultados escolares, e polo elevado efecto multiplicador que dita relación comporta, as políticas dirixidas ó profesorado constitúen o elemento máis valioso e decisivo á hora de lograla eficacia e a eficiencia dos sistemas de educación e de formación.

Sen embargo, e a pesar do drástico cambio que, debido a un conxunto variado de circunstancias, se produciu nas últimas décadas no panorama educativo e nas condicións e esixencias da actividade do profesorado, as correspondentes políticas de recursos humanos a penas si experimentaron cambio ningún. Gañalo futuro da educación no noso país pasa, pois, por atraer á profesión docente ós bos estudantes e por reter no mundo educativo ós mellores profesionais.

Neste sentido, a Lei propónse eleva-la consideración social do profesorado, tamén reforza o sistema de formación inicial, en consonancia coa dobre dimensión científico-pedagóxica da tarefa de ensinar e da formación que esta esixe, orienta mellor a formación continua e articula unha carreira profesional na que avaliación, formación e progresión teñan cabida dun modo integrado.

O quinto eixe da Lei está relacionado co desenvolvemento da autonomía dos centros educativos e co estímulo da responsabilidade destes no logro de bos resultados polos seus alumnos. Nun contexto tan diverso e complexo, con problemas tan diferenciados entre os distintos centros, é preciso potencia-las responsabilidades nese nivel do sistema educativo.

O reforzo da autonomía dos centros baséase, igualmente, na confianza mutua e na responsabilidade, no acordo entre centro e Administración, que deben considerarse como socios principais na tarefa de facer avanza-la educación no plano local; e, á vez, na necesidade de responder dos resultados mediante procedementos de avaliación que faciliten a mellora e permitan orientar e modula-las accións conxuntas de cada centro educativo e de cada Administración. A Lei crea o marco adecuado para o desenvolvemento de actuacións coordinadas entre ambos.

Conforme ás consideracións anteriores, a Lei formula, no seu Título Preliminar, os principios básicos que fundamentan as medidas nela contidas para eleva-la calidade da educación, entendendo que todas se sustentan, por unha parte, no recoñecemento dos dereitos e deberes que asisten ós alumnos e ós pais e, por outra, na garantía das condicións básicas

de igualdade no exercicio do dereito á educación, dereito que debe asegurarse, entre outras medidas, mediante un sistema de bolsas e axudas que supere os obstáculos de orde económica que impidan ou dificulten o exercicio de dito dereito.

O Título I redefine a estrutura do Sistema Educativo nos seus diversos niveis e etapas, referidos ás ensinanzas escolares, e caracteriza a educación preescolar pola súa dobre natureza educativa e de atención e coidado á primeira infancia, garantindo a oferta de prazas suficientes para satisfacer a demanda das familias e atender ás súas necesidades.

A educación infantil constitúese, por primeira vez, como etapa voluntaria pero gratuíta, en consonancia coa importancia decisiva de dita etapa na compensación de desigualdades en educación, e ponse o acento nela na iniciación á lectura, á escritura e ó cálculo.

Tanto a educación infantil como a educación primaria configúranse como un período decisivo na formación da persoa, xa que é nestas etapas cando se asentán os fundamentos, non só para unha sólida aprendizaxe das habilidades básicas en lingua, cálculo e lingua estranxeira, senón que tamén se adquiren, para o resto da vida, hábitos de traballo, lectura, convivencia ordenada e respecto polos demais. Na educación primaria, ademais, modifícanse a denominación das áreas de coñecemento e os obxectivos para conseguir unha mellor adecuación ós fins que se pretenden.

Nesta etapa, así como na educación secundaria obrigatoria, realizarase unha proba xeral de avaliación coa única finalidade de facilitar, tanto ás Administracións educativas coma ós centros, ós pais e ós alumnos, datos e información precisa sobre o grao de consecución dos obxectivos relacionados coas competencias básicas do correspondente nivel educativo.

Por outra parte, nos dous últimos cursos da educación secundaria obrigatoria establécense medidas orientadas a atender as diversas aptitudes, expectativas e intereses dos alumnos, co fin de promover, de conformidade co principio de calidade, o máximo desenvolvemento das capacidades de cada un deles. Así, establécense distintas opcións que, a través de itinerarios, poidan ofrecer as fórmulas educativas que mellor se adapten ás expectativas e intereses dos alumnos, sen que en ningún caso a opción exercida teña carácter irreversible.

Con esta mesma finalidade, os programas de iniciación profesional, establecidos na Lei, concíbense como unha alternativa presidida polos principios da máxima inclusividade e a adecuada flexibilidade do sistema

educativo e orientada, primordialmente, a aqueles alumnos que rexeitan a escola na súa concepción tradicional, de modo que quen os curse con aproveitamento poida conciliar cualificación profesional e competencias básicas de carácter xeral, mediante unha adaptación franca dos contidos, dos ritmos e da organización escolar. Este novo tratamento educativo que introduce a Lei, ó conducir ó título de Graduado en educación secundaria obrigatoria, permitirá reduci-las actuais cifras de abandono do sistema e abrirá a un maior número de alumnos tódalas oportunidades de formación e cualificación que ofrece o sistema regrado postobrigatorio -incluídas na presente Lei- así coma o acceso, con maiores garantías, á vida laboral.

As modalidades do bacharelato que se establecen na Lei responden máis adecuadamente ás finalidades atribuídas a esta etapa postobrigatoria da educación secundaria e á organización dos centros, de acordo coa demanda que destas ensinanzas se ven producindo. Iso, sen prexuízo de que, se as circunstancias o aconsellan, poidan ampliarse ou modificarse ditas modalidades.

Nos niveis de educación primaria e de educación secundaria, a Lei confire ás ensinanzas das relixións e das súas manifestacións culturais, o tratamento académico que lle corresponde pola súa importancia para unha formación integral, e faíno en termos conformes co previsto na Constitución e nos Acordos subscritos ó respecto polo Estado español.

O establecemento dunha proba xeral de bacharelato, de superación obrigada para obter o correspondente título, responde á necesidade de homologa-lo noso sistema educativo cos dos países do noso contorno e, ó mesmo tempo, garantir uns niveis básicos de igualdade nos requisitos esixibles a tódolos alumnos, calquera que sexa o seu lugar de residencia, para obter unha titulación con efectos académicos e profesionais válidos en todo o territorio español.

A Lei non modifica a vixente ordenación xeral da formación profesional específica, pero si introduce unha maior flexibilidade nos procedementos de acceso ós ciclos formativos de grao medio e de grao superior, co fin de amplía-las posibilidades dos alumnos para completa-la súa formación a través da vía que, en cada momento, mellor responda ós seus intereses, expectativas ou circunstancias persoais.

Coa denominación de necesidades educativas específicas, a Lei, no capítulo VII do Título I, presta especial atención ós alumnos estranxeiros, ós alumnos superdotados intelectualmente e ós alumnos con necesidades educativas especiais -ben pola presenza dunha ou varias discapacidades ou



por outros factores de análogos efectos- establecendo un marco xeral que permita ás Administracións educativas garantir, en tódolos casos, unha adecuada resposta educativa ás circunstancias e necesidades que nestes alumnos concorren.

O Título II regula as ensinanzas especializadas de idiomas, que se organizan en tres niveis, co fin de dotalas dunha maior capacidade de adaptación ás necesidades dos alumnos que as cursan e procurar unha mellor adecuación ós graos de aprendizaxe de idiomas establecidos nos países da Unión Europea. Así mesmo, e de acordo con esa vocación de flexibilidade, a Lei prevé que as Escolas Oficiais de Idiomas ofrezan ás persoas adultas e, especialmente, ós profesores, ensinanzas de actualización de coñecementos de idiomas. Ademais, establécense posibilidades de obter as correspondentes certificacións oficiais ós alumnos que estean cursando ensinanzas de bacharelato ou de formación profesional.

Son obxecto do Título III as ensinanzas destinadas á formación permanente das persoas adultas como un dos instrumentos esenciais para facer efectivo o principio da aprendizaxe ó longo de toda a vida, que se facilita a través, ben sexa da modalidade de ensinanza presencial, ben sexa da modalidade a distancia. En tódolos casos, esta oportunidade de formación estará orientada, fundamentalmente, a cubri-la ensinanza básica e a ensinanza de carácter non obrigatorio.

No Título IV, dedicado á función docente, establécese o marco xeral que ha rexer un dos factores determinantes da calidade e mellora da ensinanza: o profesorado. A tal fin, séntanse as bases para a formación inicial e permanente, así como a valoración do desempeño da función docente e as medidas de apoio que require dito desempeño.

Respecto á formación inicial, a Lei prevé que o exercicio da función docente se beneficie non só dunha rigorosa preparación científica na materia ou disciplina que se vai impartir senón tamén, e de modo moi especial, dunha adecuada formación pedagóxica e didáctica, que debe adquirirse tanto desde unha perspectiva teórica como a través da práctica da actividade docente. Por iso, para o acceso ós corpos docentes, xunto ó requisito académico correspondente determínase o de cualificación pedagóxica, que han de estar avalados pola posesión dun título, previsto na Lei, para a obtención do cal se establecen procedementos rigorosos pero flexibles, co fin de facilita-la adquisición desa formación a aqueles que, no curso dos seus estudos superiores, opten por unha dedicación profesional docente.

Así mesmo, a Lei presta unha especial atención á formación permanente do profesorado, enunciando programas e actividades específicas que contribúan á necesaria actualización que demandan os profesores, co fin de que o exercicio da súa actividade poida responder adecuadamente á evolución constante das necesidades dunha función tan complexa e dinámica como é a educación. E tanto esta formación coma o propio desempeño da función docente esixen un recoñecemento, unha valoración, por parte das Administracións e por parte da sociedade.

Por outra parte, artículase e vertébrase a perspectiva da formación profesional dos docentes, mediante a configuración da carreira docente con tramos sucesivos, que permiten desenvolver unha carreira profesional ó longo de toda a vida docente. Así, establécense tres referencias, vinculadas á pertenza ós tres corpos docentes básicos, o de Mestres, o de Profesores de Ensinanza Secundaria e o de Catedráticos, desde calquera dos cales se pode acceder ó corpo de Inspectores de Educación.

O Título V trata da organización e dirección dos centros docentes, incluíndo no mesmo o réxime e denominación dos centros, a súa autonomía pedagóxica, organizativa e económica, o réxime dos centros privados concertados e os órganos de participación e de goberno dos centros públicos.

Factor esencial para elevar a calidade da ensinanza é dota-los centros non só dos medios materiais e persoais necesarios, senón tamén dunha ampla capacidade de iniciativa para promover actuacións innovadoras nos aspectos pedagóxicos e organizativos así como dunha adecuada autonomía na xestión dos seus recursos vinculadas, ambas, ó principio de responsabilidade dos resultados que se obteñan. Neste sentido, a Lei prevé que os centros poidan obte-lo recoñecemento oficial dunha especialización curricular que, referida a un determinado ámbito da ensinanza, ofrezca un servizo educativo en grao de máxima calidade e, ó mesmo tempo, constitúa un referente para promover noutros centros iniciativas orientadas ós mesmos fins.

A Lei establece, así mesmo, neste título por unha parte, os órganos de goberno e, por outra, os órganos de participación no control e xestión dos centros, atribuíndolle a cada un deles as competencias e funcións que lles son propias, de acordo coa natureza, composición e responsabilidades que nunha adecuada interpretación da organización escolar corresponde a cada un deles.

A figura do director dos centros públicos, entendida como peza clave para a boa organización e funcionamento dos centros, é obxecto dun tratamento específico, especialmente no que se refire ó procedemento para a súa selección e nomeamento. Ese procedemento está presidido polo principio de participación da comunidade escolar e, dun modo especial, do Claustro de Profesores. O seu propósito esencial é o de alcanzar, no máximo grao posible, a necesaria cualificación para o desempeño das complexas e transcendentais tarefas que comporta o exercicio da función directiva.

O Título VI está referido á avaliación do sistema educativo que, na súa dimensión xeral, se sitúa no ámbito das competencias estatais, sen prexuízo das competencias e obrigacións que nesta materia corresponde ás Administracións educativas nos seus respectivos ámbitos territoriais.

O exercicio desta competencia estatal está atribuído ó Instituto Nacional de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, que se crea nesta Lei e que asume as funcións ata agora atribuídas ó Instituto Nacional de Calidade e Avaliación. O cambio de denominación obedece a razóns de homologación internacional. Entre as funcións deste organismo adquiren especial relevancia as avaliacións de diagnóstico que, sobre as competencias básicas do currículo, deberán realizarse tanto na educación primaria como na educación secundaria obrigatoria, así como o Plan de Avaliación Xeral do Sistema Educativo e o Sistema Estatal de Indicadores da Educación. As conclusións xerais destes diagnósticos e avaliacións faranse públicas periodicamente co fin de que a sociedade dispoña de datos obxectivos sobre a evolución e resultados do noso sistema educativo.

Por último, o Título VII está dedicado á inspección do sistema educativo, entendida como función que, por mandato constitucional, é competencia e obrigación dos poderes públicos. Sen dúbida, a inspección educativa é un instrumento de capital importancia para promover a mellora da ensinanza.

Ó poder público estatal correspóndelle a función de alta inspección sobre todos aqueles aspectos do sistema educativo que constitúen o ámbito de competencias que en materia educativa ten constitucionalmente atribuídas o Estado.

Ás Administracións educativas correspóndelle-la inspección educativa nas materias da súa competencia e no seu ámbito territorial, exercicio que debe situarse no marco das normas básicas que se establecen nesta Lei.

Así pois, a presente Lei establece o marco xeral dos distintos aspectos do sistema educativo que inciden de modo directo na calidade da educación.

Neste marco, os poderes públicos, estatal e autonómicos, adquiren unha responsabilidade que nace non só das obrigacións impostas polo ordenamento constitucional senón tamén, e de modo moi especial, polas continuas demandas da nosa sociedade, que lexitimamente esixe do noso sistema educativo unha resposta eficaz ós retos e requirimentos que se formulan nos albores deste novo século.

## TÍTULO PRELIMINAR.

### CAPÍTULO I. DOS PRINCIPIOS DE CALIDADE.

#### Artigo 1. Principios.

Son principios de calidade do sistema educativo:

- a. A equidade, que garante unha igualdade de oportunidades de calidade, para o pleno desenvolvemento da personalidade a través da educación, no respecto ós principios democráticos e ós dereitos e liberdades fundamentais.
- b. A capacidade de transmitir valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade social, a cohesión e mellora das sociedades, e a igualdade de dereitos entre os sexos, que axuden a superar calquera tipo de discriminación, así como a práctica da solidariedade, mediante o impulso á participación cívica dos alumnos en actividades de voluntariado.
- c. A capacidade de actuar como elemento compensador das desigualdades persoais e sociais.
- d. A participación dos distintos sectores da comunidade educativa, no ámbito das súas correspondentes competencias e responsabilidades, no desenvolvemento da actividade escolar dos centros, promovendo, especialmente, o necesario clima de convivencia e estudo.
- e. A concepción da educación como un proceso permanente, cun valor que se estende ó longo de toda a vida.
- f. A consideración da responsabilidade e do esforzo como elementos esenciais do proceso educativo.

g. A flexibilidade, para adecua-la súa estrutura e a súa organización ós cambios, necesidades e demandas da sociedade, e ás diversas aptitudes, intereses, expectativas e personalidade dos alumnos.

h. O recoñecemento da función docente como factor esencial da calidade da educación, manifestado na atención prioritaria á formación e actualización dos docentes e á súa promoción profesional.

i. A capacidade dos alumnos para confiar nas súas propias aptitudes e coñecementos, desenvolvendo os valores e principios básicos de creatividade, iniciativa persoal e espírito emprendedor.

k. O fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.

l. A avaliación e a inspección do conxunto do sistema educativo, tanto do seu deseño e organización como dos procesos de ensinanza e aprendizaxe.

m. A eficacia dos centros escolares, mediante o reforzo da súa autonomía e a potenciación da función directiva dos centros.

## CAPÍTULO II.

### DOS DEREITOS E DEBERES DE PAIS E ALUMNOS.

#### Artigo 2. Alumnos.

1. Son dereitos e deberes do alumno os que se establecen neste artigo e no resto das normas vixentes, considerando que:

a. Tódolos alumnos teñen os mesmos dereitos e deberes, sen máis distincións cás derivadas da súa idade e do nivel que estean cursando.

b. Tódolos alumnos teñen o dereito e o deber de coñecer-la Constitución Española e o respectivo Estatuto de Autonomía, co fin de formarse nos valores e principios recoñecidos neles e nos Tratados e Acordos Internacionais de Dereitos Humanos ratificados por España.

c. Tódolos alumnos teñen dereito a que a súa dedicación e esforzo sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, e a recibir orientación educativa e profesional.

2. Recoñécenselle ó alumno os seguintes dereitos básicos:

- a. A recibir unha formación integral que contribúa ó pleno desenvolvemento da súa personalidade.
- b. A que se respecte a súa liberdade de conciencia, ás súas conviccións relixiosas e as súas conviccións morais, de acordo coa Constitución.
- c. A que se respecten a súa integridade e dignidade persoais.
- d. Á protección contra toda agresión física ou moral.
- e. A participar no funcionamento e na vida do centro, de conformidade co disposto nas normas vixentes.
- f. A recibir as axudas e os apoios precisos para compensar as carencias e desvantaxes de tipo persoal, familiar, económico, social e cultural, especialmente no caso de presentar necesidades educativas especiais, que impidan ou dificulten o acceso e a permanencia no sistema educativo, e
- g. Á protección social, no ámbito educativo, nos casos de infortunio familiar ou accidente.

3. O estudo é un deber básico do alumno que se concreta en:

- a. Participar nas actividades formativas e, especialmente, nas orientadas ó desenvolvemento dos currículos.
- b. Seguir as directrices do profesorado respecto á súa educación e aprendizaxe.
- c. Asistir a clase con puntualidade, e
- d. Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros á educación.

4. Ademais do estudo, son deberes básicos dos alumnos:

- a. Respetar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais.
- b. Respetar a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.

c. Respecta-las normas de organización, convivencia e disciplina do centro educativo, e

d. Conservar e facer un bo uso das instalacións do centro e dos materiais didácticos.

5. As Administracións educativas favorecerán o exercicio do dereito de asociación dos alumnos, así como a formación de federacións e confederacións.

### Artigo 3. Pais.

1. Os pais, en relación coa educación dos seus fillos, teñen os seguintes dereitos:

a. A que reciban unha educación coas máximas garantías de calidade, en consonancia cos fins establecidos na Constitución, no correspondente Estatuto de Autonomía e nas Leis educativas.

b. Á libre elección do centro.

c. A que reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.

d. A estar informados sobre o progreso de aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos.

e. A participar no control e xestión do centro educativo, nos termos establecidos nas leis, e

f. A ser oídos naquelas decisións que afecten á orientación académica e profesional dos seus fillos.

2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos, correspóndelles:

a. Adopta-las medidas necesarias, ou solicita-la axuda correspondente en caso de dificultade, para que os seus fillos cursen os niveis obrigatorios da educación e asistan regularmente a clase.

b. Estimúlos para que leven a cabo as actividades de estudo que se lles encomenden.

c. Coñecer e apoia-la evolución do seu proceso educativo, en colaboración cos profesores e os centros.

d. Respetar e facer respecta-las normas establecidas polo centro, e

e. Fomenta-lo respecto por tódolos compoñentes da comunidade educativa.

3. As Administracións educativas favorecerán o exercicio do dereito de asociación dos pais, así como a formación de federacións e confederacións.

### CAPÍTULO III.

#### DAS BOLSAS E AXUDAS Ó ESTUDIO E DOS PREMIOS E RECOÑECIMENTOS.

##### Artigo 4. Bolsas e axudas ó estudio.

1. Para garanti-las condicións de igualdade no exercicio do dereito á educación e para que tódolos estudantes, con independencia do seu lugar de residencia, gocen das mesmas oportunidades, o Estado, con cargo ós seus presupostos xerais, establecerá un sistema xeral de bolsas e axudas ó estudio destinado a supera-los atrancos de orde socioeconómico que, en calquera parte do territorio, impidan ou dificulten o acceso á ensinanza non obrigatoria ou a continuidade dos estudos a aqueles estudantes que estean en condicións de cursalos con aproveitamento.

Así mesmo, con cargo ós Orzamentos Xerais do Estado, estableceranse axudas ó estudio que compensen as condicións socioeconómicas desfavorables dos alumnos que cursen ensinanzas dos niveis obrigatorios.

A estes efectos, o Goberno determinará con carácter básico as modalidades e importes das bolsas e axudas ó estudio, as condicións académicas e económicas que deban reuni-los candidatos, así como os supostos de incompatibilidade, revogación e reintegro e cantos requisitos sexan precisos para asegura-la igualdade no acceso ás citadas bolsas e axudas, sen detrimento das competencias normativas e de execución das Comunidades Autónomas.

2. Ós efectos previstos no apartado anterior terase en conta a singularidade dos territorios insulares e a distancia do territorio peninsular, así como das cidades de Ceuta e Melilla, para favorece-las condicións de igualdade no exercicio da educación dos estudantes dos devanditos territorios.



3. O desenvolvemento, execución e control dos sistemas de bolsas e axudas ó estudio previstos nos apartados anteriores corresponde ás Comunidades Autónomas nos seus respectivos ámbitos de competencia.

Sen prexuízo do disposto no párrafo anterior, para asegurar que os resultados da aplicación dos sistemas de bolsas e axudas ó estudio se produzan sen menoscabo da garantía de igualdade na súa obtención en todo o territorio nacional, estableceranse os oportunos mecanismos de coordinación entre o Estado e as Comunidades Autónomas.

4. Sobre a base dos principios de equidade, solidariedade e compensación, as Administracións públicas cooperarán para articular sistemas eficaces de información, verificación e control das bolsas e axudas financiadas con fondos públicos e para o mellor logro dos obxectivos sinalados nos apartados anteriores.

Artigo 5. Premios e recoñecementos.

O Estado, sen prexuízo das competencias das Comunidades Autónomas, establecerá premios de carácter nacional destinados a recoñecer a excelencia e o especial esforzo e rendemento académico dos alumnos, así como o dos profesores e os centros docentes polo seu labor e pola calidade dos servicios que presten.

#### CAPÍTULO IV. DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN.

Artigo 6. Programas de cooperación.

1. O Estado, en colaboración coas Comunidades Autónomas, promoverá programas de cooperación territorial orientados a obxectivos educativos de interese xeral. Estes programas terán como finalidade, segundo as súas diversas modalidades, favorecer o coñecemento e aprecio da riqueza cultural de España por parte de tódolos alumnos, así como contribuír á solidariedade interterritorial.

2. Os programas de cooperación territorial serán desenvolvidos e xestionados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e polas Comunidades Autónomas, de acordo coas súas respectivas competencias, mediante os convenios que, a estes efectos, se subscriban.

#### TÍTULO I. DA ESTRUCTURA DO SISTEMA EDUCATIVO. CAPÍTULO I.

## DOS PRINCIPIOS XERAIS.

### Artigo 7. Ámbito.

1. O sistema educativo comprende a educación preescolar, as ensinanzas escolares e a ensinanza universitaria.
2. A educación preescolar terá carácter educativo-asistencial e dispoñerá dunha regulación específica.
3. As ensinanzas escolares son de réxime xeral e de réxime especial.

As ensinanzas escolares de réxime xeral organízanse nos seguintes niveis:

Educación infantil.

Educación primaria.

Educación secundaria, que comprendas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, así como a formación profesional de grao medio.

Formación profesional de grao superior.

As ensinanzas escolares de réxime especial son:

Ensinanzas artísticas.

Ensinanzas de idiomas.

Ensinanzas deportivas.

4. O Goberno, previa consulta ás Comunidades Autónomas, poderá establecer novas ensinanzas de réxime especial, se a demanda social e as necesidades educativas o requirisen.
5. As ensinanzas a que se refiren os apartados anteriores adaptaranse ós alumnos con necesidades educativas específicas.
6. O sistema educativo garantizará que as persoas adultas poidan adquirir, actualizar, completar ou amplia-los seus coñecementos para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

7. Para garanti-lo dereito á educación de quen non poida asistir de modo regular ós centros docentes, desenvolverase unha oferta adecuada de educación a distancia.

8. A ensinanza universitaria rexerese polas súas normas específicas.

#### Artigo 8. Currículo.

1. Ós efectos do disposto nesta Lei, enténdese por currículo o conxunto de obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo.

2. En relación cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación do currículo, o Goberno fixará as ensinanzas comúns, que constitúen os elementos básicos do currículo, co fin de garantir unha formación común a tódolos alumnos e a validez dos títulos correspondentes. Ós contidos das ensinanzas comúns correspóndelles en todo caso o 55 % dos horarios escolares nas Comunidades Autónomas que teñan, xunto co castelán, outra lingua propia cooficial, e o 65 % no caso de aquelas que non a teñan.

3. As Administracións educativas competentes establecerán o currículo dos distintos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo, que deberá incluí-las ensinanzas comúns nos seus propios termos.

4. Os títulos académicos e profesionais serán homologados polo Estado e expedidos polas Administracións educativas nas condicións establecidas na lexislación estatal e nas normas de desenvolvemento que ó efecto se dicten.

#### Artigo 9. Ensinanza básica.

1. A ensinanza básica comprende a educación primaria e a educación secundaria obrigatoria. A ensinanza básica é obrigatoria e gratuíta.

2. A ensinanza básica inclúe dez anos de escolaridade. Iniciarase ós seis anos de idade e estenderase ata os dezaseis.

3. Non obstante, os alumnos terán dereito a permanecer en réxime ordinario cursando a ensinanza básica ata os dezoito anos de idade, nas condicións establecidas na presente Lei.

#### CAPÍTULO II.

## DA EDUCACIÓN PREESCOLAR.

### Artigo 10. Ámbito.

1. A educación preescolar ten como finalidade a atención educativa e asistencial á primeira infancia. Está dirixida ós nenos de ata os tres anos de idade.
2. Corresponde ás Comunidades Autónomas, de acordo coa normativa básica que sobre os aspectos educativos desta etapa estableza o Goberno, a organización da atención dirixida ós nenos desta etapa educativa e o establecemento das condicións que deberán reuni-los centros e institucións nas que se preste. Establecerán, así mesmo, os procedementos de supervisión e control que estimen adecuados.
3. A educación preescolar será impartida por profesionais coa debida cualificación para prestar unha atención apropiada ós nenos desta idade.
4. A educación preescolar ten carácter voluntario para os pais. As Administracións competentes atenderán ás necesidades que concorran nas familias e coordinarán a oferta de prazas suficientes para satisfacer a demanda.
5. Na educación preescolar atenderase ó desenvolvemento do movemento, ó control corporal, ás primeiras manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social e ó descubrimento do contorno inmediato.

## CAPÍTULO III.

### DA EDUCACIÓN INFANTIL.

### Artigo 11. Principios xerais.

1. O nivel de educación infantil, que ten carácter voluntario e gratuíto, estará constituído por un ciclo de tres anos académicos, que se cursará desde os tres ós seis anos de idade. Será impartida por mestres coa especialidade correspondente.
2. As Administracións educativas garantirán a existencia de postos escolares gratuítos en centros públicos e en centros privados concertados para atender a demanda das familias.

3. As Administracións educativas promoverán a escolarización neste nivel educativo dos alumnos con necesidades educativas especiais.

#### Artigo 12. Obxectivo.

1. A finalidade da educación infantil é o desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral dos nenos. Os centros escolares cooperarán estreitamente cos pais axudándolles a exercer-la súa responsabilidade fundamental na educación dos seus fillos.

2. A educación infantil contribuirá a desenvolver nos nenos as seguintes capacidades:

- a. Coñece-lo seu propio corpo e as súas posibilidades de acción.
- b. Observar e explorar o seu contorno familiar, social e natural.
- c. Adquirir unha progresiva autonomía nas súas actividades habituais.
- d. Relacionarse cos demais e aprende-las pautas elementais de convivencia.
- e. Desenvolve-las súas habilidades comunicativas orais e iniciarse na aprendizaxe da lectura e da escritura.
- f. Iniciarse nas habilidades numéricas básicas.

3. As Administracións educativas promoverán a incorporación dunha lingua estranxeira nas aprendizaxes da educación infantil, especialmente no último ano. Así mesmo, fomentarán experiencias de iniciación temperá nas tecnoloxías da información e das comunicacións.

#### Artigo 13. Organización.

1. Os contidos educativos organizaranse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil, e transmitiranse por medio de actividades globalizadas que teñan interese e significado para o neno.

2. A metodoloxía basearase nas experiencias, as actividades e o xogo, e aplicarase nun ambiente de afecto e de confianza.

### CAPÍTULO IV.

## DA EDUCACIÓN PRIMARIA.

### Artigo 14. Principios xerais.

A educación primaria comprenderá seis cursos académicos, que se cursarán ordinariamente entre os seis e os doce anos.

### Artigo 15. Obxectivo.

1. A finalidade da educación primaria é facilitarlle ós alumnos as aprendizaxes da expresión e comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, e o hábito de convivencia así coma os de estudio e traballo, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ó pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e de preparalos para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.

2. A educación primaria contribuirá a desenvolver nos alumnos as seguintes capacidades:

a. Coñece-los valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas e respecta-lo pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b. Desenvolver unha actitude responsable e de respecto polos demais, que favoreza un clima propicio para a liberdade persoal, a aprendizaxe e a convivencia.

c. Desenvolver hábitos de esforzo e responsabilidade no estudio, e actitudes de curiosidade e interese pola aprendizaxe, coas que descubri-la satisfacción da tarefa ben feita.

d. Desenvolve-la iniciativa individual e o hábito do traballo en equipo.

e. Coñecer e usar adecuadamente a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da Comunidade Autónoma, nas súas manifestacións oral e escrita, así como adquirir hábitos de lectura.

f. Iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións.

g. Coñece-los aspectos fundamentais das ciencias da natureza, a xeografía, a historia e a cultura.

h. Adquirir, nunha lingua estranxeira, a competencia comunicativa necesaria para desenvolverse en situacións cotiás.

i. Desenvolve-lo espírito emprendedor, fomentando actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, creatividade e iniciativa persoal.

k. Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e das comunicacións.

l. Iniciarse na valoración e na produción estética das diferentes manifestacións artísticas, así como na expresión plástica, rítmica e vocal.

m. Coñece-lo valor do propio corpo, o da hixiene e a saúde e a práctica do deporte como medios máis idóneos para o desenvolvemento persoal e social.

n. Coñecer e valora-la natureza e o contorno, e observar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

#### Artigo 16. Organización.

1. O nivel de educación primaria organízase en tres ciclos de dous anos académicos cada un.

2. As áreas que se cursarán na educación primaria serán as seguintes:

a. Ciencias, xeografía e historia.

b. Educación artística.

c. Educación física.

d. Lingua castelá.

e. Lingua oficial propia da Comunidade Autónoma, no seu caso.

f. Lingua estranxeira.

g. Matemáticas.

Así mesmo cursarase, de acordo co establecido na disposición adicional segunda, a área de sociedade, cultura e relixión.

3. Co fin de garantir unha adecuada aprendizaxe nos distintos ámbitos do coñecemento, na determinación das ensinanzas comúns estableceranse as áreas que se impartirán en cada un dos ciclos. Terán especial consideración as áreas que teñan carácter instrumental para a adquisición doutros coñecementos. Os currículos deberán incluír actividades que estimulen o interese e o hábito da lectura.

4. Prestarase especial atención no nivel de educación primaria á atención individualizada dos alumnos, á realización de diagnósticos precoces e ó establecemento de mecanismos de reforzo para evita-lo fracaso escolar en idades temperás.

5. Os métodos orientaranse á integración das distintas experiencias e aprendizaxes dos alumnos e adaptaranse ás súas características persoais.

6. Para garanti-la continuidade do proceso de formación dos alumnos estableceranse os pertinentes mecanismos de coordinación coa educación secundaria obrigatoria.

#### Artigo 17. Avaliación.

1. A avaliación dos procesos de aprendizaxe dos alumnos será continua e terá en conta o progreso do alumno no conxunto das distintas áreas.

2. Os profesores avaliarán ós alumnos tendo en conta os obxectivos específicos e os coñecementos adquiridos en cada unha das áreas, segundo os criterios de avaliación que se establezan no currículo.

3. Os alumnos accederán ó ciclo seguinte se acadaron os obxectivos correspondentes establecidos no currículo. Cando un alumno non alcance os obxectivos, poderá permanecer un curso máis no mesmo ciclo. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez ó longo da educación primaria.

4. Os alumnos que accedan ó ciclo seguinte con avaliación negativa nalgunha das áreas, recibirán os apoios necesarios para a súa recuperación.

#### Artigo 18. Avaliación xeral de diagnóstico.

As Administracións educativas, nos termos establecidos no artigo 97 desta Lei, realizarán unha avaliación xeral de diagnóstico, que terá como



finalidade comproba-lo grao de adquisición das competencias básicas deste nivel educativo. Esta avaliación xeral carecerá de efectos académicos e terá carácter informativo e orientador para os centros, o profesorado, as familias e os alumnos.

#### Artigo 19. Profesorado.

A educación primaria será impartida por mestres, que terán competencia docente en tódalas áreas deste nivel e nas titorías dos alumnos. A ensinanza da música, da educación física, dos idiomas estranxeiros ou daquelas outras ensinanzas que se determinen, serán impartidas por mestres coas especialidades correspondentes.

### CAPÍTULO V.

#### DA EDUCACIÓN SECUNDARIA.

#### Artigo 20. Ámbito.

O nivel de educación secundaria comprenderá as etapas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, así como de formación profesional de grao medio.

#### SECCIÓN I. DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

#### Artigo 21. Principios xerais.

1. A etapa de educación secundaria obrigatoria comprenderá catro anos académicos, que se cursarán ordinariamente entre os doce e os dezaseis anos.
2. Non obstante, os alumnos terán dereito a permanecer escolarizados en réxime ordinario ata o curso académico completo no que cumpran os dezaioito anos de idade, sempre que o equipo de avaliación considere que, de acordo coas súas actitudes e intereses, poidan obte-lo título de Graduado en educación secundaria obrigatoria.

#### Artigo 22. Obxectivo.

1. A finalidade da educación secundaria obrigatoria é transmitirlle ós alumnos os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos científico, tecnolóxico e humanístico; afianzar neles hábitos de estudio e traballo que favorezan a aprendizaxe autónoma e o desenvolvemento das súas capacidades, formalos para que asuman os seus deberes e exerzan os

seus dereitos e preparamos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral.

2. Esta etapa contribuirá a desenvolver nos alumnos as seguintes capacidades:

a. Asumir responsablemente os seus deberes e exercer-los seus dereitos no respecto polos demais, practica-la tolerancia e a solidariedade entre as persoas, e exercitarse no diálogo afianzando os valores comúns dunha sociedade participativa e democrática.

b. Desenvolver e consolidar hábitos de estudio e disciplina, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe, e como medio para o desenvolvemento persoal.

c. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos.

d. Afianza-lo sentido do traballo en equipo e valora-las perspectivas, experiencias e formas de pensar dos demais.

e. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, no seu caso, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudio da literatura.

f. Concibi-lo coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, matemáticas e científicas, e coñecer e aplica-los métodos para identifica-los problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia, para a súa resolución e para a toma de decisións.

g. Desenvolve-la competencia comunicativa para comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada, a fin de facilita-lo acceso a outras culturas.

h. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías fundamentalmente, mediante a adquisición das destrezas relacionadas coas tecnoloxías da información e das comunicacións, a fin de usalas, no proceso de aprendizaxe, para encontrar, analizar, intercambiar e presenta-la información e o coñecemento adquiridos.

i. Consolida-lo espírito emprendedor, desenvolvendo actitudes de confianza nun mesmo, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

k. Coñece-los aspectos básicos da cultura e a historia e respecta-lo patrimonio artístico e cultural, coñece-la diversidade de culturas e sociedades, a fin de poder valoralas criticamente e desenvolver actitudes de respecto pola cultura propia e pola dos demais.

l. Apreciar, gozar e respecta-la creación artística; identificar e analizar criticamente as mensaxes explícitas e implícitas que contén a linguaxe das distintas manifestacións artísticas.

m. Coñece-lo funcionamento do propio corpo, para afianza-los hábitos de coidado e saúde corporais e incorpora-la práctica do deporte, para favorece-lo desenvolvemento no persoal e no social.

n. Coñece-lo contorno social e cultural, desde unha perspectiva ampla, valorar e gozar do medio natural, contribuíndo á súa conservación e mellora.

### Artigo 23. Organización.

1. Na educación secundaria obrigatoria impartiranse as seguintes materias:

a. Bioloxía e xeoloxía.

b. Ciencias da natureza.

c. Cultura clásica.

d. Educación física.

e. Educación plástica.

f. Ética.

g. Física e química.

h. Xeografía e historia.

i. Latín.

k. Lingua castelá e literatura.

l. Lingua oficial propia e Literatura da Comunidade Autónoma, no seu caso.

m. Linguas estranxeiras.

n. Matemáticas.

ñ. Música.

o. Tecnoloxía.

Así mesmo cursarase, de acordo co establecido na disposición adicional segunda, a materia de sociedade, cultura e relixión.

2. Co fin de garantir unha adecuada aprendizaxe nos distintos ámbitos do coñecemento, ó fixa-las ensinanzas comúns determinaranse as materias que se impartirán en cada un dos cursos.

3. Ademais das materias mencionadas, o currículo incluírá materias optativas. Corresponde ás Administracións educativas a ordenación da oferta destas materias optativas, entre as que se ofrecerá obrigatoriamente unha segunda lingua estranxeira.

4. Nos cursos terceiro e cuarto, as Administracións educativas poderán tamén ofrecer como materias optativas calquera das materias específicas dos itinerarios a que se refire o artigo 26.

Artigo 24. Métodos.

1. Os métodos pedagóxicos na educación secundaria obrigatoria adaptaranse ás características dos alumnos, favorecerán a capacidade para aprender por si mesmos e para traballar en equipo promovendo a creatividade e o dinamismo, e integrarán os recursos das tecnoloxías da información e das comunicacións na aprendizaxe. Os alumnos iniciaránse no coñecemento e aplicación dos métodos científicos.

2. As Administracións educativas promoverán as medidas necesarias para que nas distintas materias se desenvolvan actividades que estimulen o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente en público.

## Artigo 25. Medidas de reforzo e apoio.

1. Nos cursos primeiro e segundo, e coa finalidade de facilitar que tódolos alumnos alcancen os obxectivos desta etapa, as Administracións educativas establecerán medidas de reforzo educativo que permitan a consecución deses obxectivos.
2. Estas medidas serán promovidas no marco que establezan as Administracións educativas. A aplicación individual das medidas revisarase periodicamente e, en todo caso, ó finaliza-lo curso académico.
3. As Administracións educativas poderán ofrecer outras medidas de apoio para alcanza-los obxectivos desta etapa e a correspondente obtención, no marco do establecido nos artigos 26 e 27 da presente Lei, do título de Graduado en educación secundaria obrigatoria.

## Artigo 26. Itinerarios.

1. Nos cursos terceiro e cuarto, as ensinanzas organizaranse en materias comúns e en materias específicas, que constituirán itinerarios formativos de idéntico valor académico.
2. En terceiro curso, os itinerarios serán dous: Itinerario Tecnolóxico e Itinerario Científico-Humanístico. En cuarto curso serán tres: Itinerario Tecnolóxico, Itinerario Científico e Itinerario Humanístico.

O cuarto curso denominarase Curso para a Orientación Académica e Profesional Postobrigatoria. Terá carácter preparatorio dos estudos postobrigatorios e da incorporación á vida laboral.

Na determinación das ensinanzas comúns estableceranse as materias comúns e específicas dos itinerarios.

3. Ó remata-lo segundo curso, co fin de orientar ás familias e ós alumnos na elección dos itinerarios, o equipo de avaliación, co asesoramento do equipo de orientación, emitirá un informe de orientación escolar para cada alumno. A elección de itinerario realizada nun curso académico non condicionará a do seguinte.
4. Os centros sostidos con fondos públicos deberán ofrecer tódolos itinerarios establecidos na presente Lei. As Administracións educativas poderán adecuar este principio á demanda dos alumnos e ás características e recursos dos centros.

5. O Goberno, previo informe das Comunidades Autónomas, poderá establecer novos itinerarios e modifica-los establecidos na presente Lei.

Artigo 27. Programas de iniciación profesional.

1. Os programas de iniciación profesional estarán integrados polos contidos curriculares esenciais da formación básica e por módulos profesionais asociados, polo menos, a unha cualificación do Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais a que se refire o artigo 7 da Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional. Dita formación, que terá unha estrutura flexible de carácter modular, impartirase en dous cursos académicos. O Goberno fixará as directrices básicas destes programas.

2. A formación básica contribuirá, de acordo coas características dos alumnos, ó desenvolvemento das capacidades establecidas para a educación secundaria obrigatoria.

3. Aqueles alumnos que, cumpridos os quince anos e trala adecuada orientación educativa e profesional, opten voluntariamente por non cursar ningún dos itinerarios ofrecidos, permanecerán escolarizados nun programa de iniciación profesional. Así mesmo, poderán incorporarse a ditos programas os alumnos con dezaseis anos cumpridos.

4. Os métodos pedagóxicos destes programas adaptaranse ás características específicas dos alumnos e fomentarán o traballo en equipo. Así mesmo, a tutoría e a orientación educativa e profesional terán especial consideración nestes programas.

5. A superación dun programa de iniciación profesional dará dereito á obtención do título de Graduado en educación secundaria obrigatoria.

A superación total ou parcial dos módulos de carácter profesional integrados nos Programas de Iniciación Profesional será acreditada conforme ó establecido no artigo 8 da Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional. No caso de superación da totalidade dos módulos, a certificación outorgada surtirá, ademais, os efectos académicos previstos no artigo 38.3.a da presente Lei.

6. As Administracións públicas promoverán a participación doutras institucións e entidades para o desenvolvemento destes programas.

## Artigo 28. Avaliación.

1. A avaliación da aprendizaxe dos alumnos na educación secundaria obrigatoria será continua e diferenciada segundo as distintas materias do currículo.
2. Os profesores avaliarán ós alumnos tendo en conta os obxectivos específicos e os coñecementos adquiridos en cada unha das materias, segundo os criterios de avaliación que se establezan no currículo para cada curso.

## Artigo 29. Promoción.

1. Ó rematar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo de avaliación decidirá sobre a promoción de cada alumno ó curso seguinte tendo en conta a súa madurez e posibilidades de recuperación e de progreso nos cursos posteriores.
2. Os alumnos poderán realizar unha proba extraordinaria das materias que non superasen, nas datas que determinen as Administracións educativas. Unha vez realizada esta proba, cando o número de materias non aprobadas sexa superior a dúas, o alumno deberá permanecer outro ano no mesmo curso.
3. Cada curso poderá repetirse unha sola vez. Se, trala repetición, o alumno non cumpre os requisitos para pasar ó curso seguinte, o equipo de avaliación, asesorado polo de orientación, e previa consulta ós pais, poderá decidir a súa promoción ó curso seguinte, nas condicións que o Goberno estableza en función das necesidades educativas dos alumnos.

## Artigo 30. Avaliación xeral de diagnóstico.

As Administracións educativas, nos termos establecidos no artigo 97 desta Lei, realizarán unha avaliación xeral de diagnóstico, que terá como finalidade comproba-lo grao de adquisición das competencias básicas deste nivel educativo. Esta avaliación xeral carecerá de efectos académicos e terá carácter informativo e orientador para os centros, profesorado, as familias e os alumnos.

## Artigo 31. Título de Graduado en educación secundaria obrigatoria.

1. Tódolos itinerarios formativos, así como os programas de iniciación profesional, conducirán ó título de Graduado en educación secundaria obrigatoria. Este título será único e nel constará a nota media da etapa.
2. Para a obtención do título de Graduado en educación secundaria obrigatoria requirirase ter superado tódalas materias da etapa. Excepcionalmente poderase obter este título sen ter superado tódalas materias da etapa, nas condicións que o Goberno estableza.
3. O título de Graduado en educación secundaria obrigatoria permitirá acceder ó bacharelato, á formación profesional de grao medio e ó mundo laboral. Xunto co título, os alumnos recibirán un informe de orientación escolar para o seu futuro académico e profesional, que terá carácter confidencial.
4. Os alumnos que non obteñan o título de Graduado en educación secundaria obrigatoria recibirán un Certificado de Escolaridade no que constarán os anos cursados.

#### Artigo 32. Profesorado.

1. Para a impartición da educación secundaria obrigatoria requirirase estar en posesión do título de Doutor, Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto, ou equivalente a efectos de docencia. Naquelas materias que se determinen en virtude da súa especial relación coa formación profesional, estableceranse as equivalencias dos títulos de Enxeñeiro Técnico, Arquitecto Técnico e Diplomado universitario, a efectos da función docente.
2. Para imparti-las ensinanzas desta etapa será necesario, ademais, estar en posesión do título de Especialización Didáctica establecido no artigo 58 da presente Lei.
3. Para a impartición dos módulos profesionais integrados nos programas de iniciación profesional poderase contratar, como profesores especialistas, atendendo á súa cualificación e ás necesidades do sistema, a profesores que desenvolvan a súa actividade no ámbito laboral. Nos centros públicos, as Administracións educativas poderán establecer, con estes profesionais, contratos de carácter temporal e en réxime de dereito administrativo. A estes profesores non se lles requirirá estar en posesión do título establecido no artigo 58 desta Lei.



4. Así mesmo, poderán realizar funcións de apoio nesta etapa outros profesionais coa debida cualificación para tarefas de atención ós alumnos con necesidades educativas específicas.

## SECCIÓN II. DO BACHARELATO.

### Artigo 33. Principios xerais.

1. O bacharelato comprenderá dous cursos académicos. Desenvolverase en modalidades diferentes que permitirán ós alumnos unha preparación especializada para a súa incorporación a estudos posteriores e para a inserción laboral.
2. Poderán acceder ós estudos de bacharelato os alumnos que estean en posesión do título de Graduado en educación secundaria obrigatoria.
3. Os alumnos poderán permanecer cursando o bacharelato en réxime ordinario durante catro anos.

### Artigo 34. Obxectivo.

1. A finalidade do bacharelato é proporcionarlle ós alumnos unha educación e formación integral, intelectual e humana, así como os coñecementos e habilidades que lles permitan desempeñar as súas funcións sociais e laborais con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitaraos para acceder á formación profesional de grao superior e ós estudos universitarios.
2. O bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos as seguintes capacidades:
  - a. Consolidar unha sensibilidade cidadán e unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores das sociedades democráticas e os dereitos humanos, e comprometida con eles.
  - b. Afianza-la iniciativa persoal, así como os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
  - c. Coñecer, desde unha perspectiva universal e plural, as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución.

- d. Domina-las habilidades básicas propias da modalidade de bacharelato escollida.
- e. Traballar de forma sistemática e con discernimento sobre criterios propios e alleos e fontes de información distintas, a fin de formular e de resolver adecuadamente os problemas propios dos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- f. Comprende-los elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos en cada disciplina.
- g. Coñecer e saber usar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a riqueza e as posibilidades expresivas da lingua castelá e, no seu caso, da lingua cooficial da Comunidade Autónoma, así como a literatura e a lectura e a análise das obras literarias máis significativas.
- h. Expresarse con fluidez nunha ou máis linguas estranxeiras.
- i. Profundizar no coñecemento e no uso habitual das tecnoloxías da información e as comunicacións para a aprendizaxe.
- k. Afianza-lo espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, confianza nun mesmo, sentido crítico, traballo en equipo e espírito innovador.
- l. Desenvolve-la sensibilidade artística e o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m. Consolida-la práctica do deporte.
- n. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía para o cambio das condicións de vida, así como afianza-la sensibilidade e o respecto cara o medio ambiente.
- o. Desenvolve-la sensibilidade cara as diversas formas de voluntariado que melloren o contorno social.

#### Artigo 35. Organización.

1.O bacharelato organizarase en materias comúns, en materias específicas de cada modalidade e en materias optativas.

2. As materias comúns do bacharelato contribuirán á formación xeral dos alumnos. As específicas de cada modalidade e as optativas proporcionaranlles unha formación máis especializada, preparándoos e orientándoos cara estudos posteriores e cara á actividade profesional. O currículo das materias optativas poderá incluír un complemento de formación práctica fóra do centro.

3. As modalidades do bacharelato serán as seguintes:

a. Artes.

b. Ciencias e Tecnoloxía.

c. Humanidades e Ciencias Sociais.

4. O Goberno, previo informe das Comunidades Autónomas, poderá establecer novas modalidades de bacharelato ou modifica-las establecidas nesta Lei.

5. As materias comúns do bacharelato serán as seguintes:

a. Educación física.

b. Filosofía.

c. Historia de España.

d. Historia da filosofía e da ciencia.

e. Lingua castelá e literatura.

f. Lingua oficial propia e literatura da Comunidade Autónoma, no seu caso.

g. Lingua estranxeira.

Así mesmo, cursarase, de acordo co establecido na disposición adicional segunda, a materia de sociedade, cultura e relixión.

6. Co fin de garantir unha adecuada ordenación das ensinanzas nos distintos ámbitos do coñecemento, na determinación das ensinanzas comúns estableceranse as materias que se impartirán en cada un dos cursos, así como, previa consulta ás Comunidades Autónomas, as materias específicas de cada modalidade.

7. Corresponde ás Administracións educativas a ordenación da oferta das materias optativas.

8. A metodoloxía no bacharelato favorecerá a capacidade do alumno para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplica-los métodos pedagóxicos apropiados de investigación. De igual modo procurarase a relación dos aspectos teóricos das diferentes materias coas súas aplicacións prácticas.

9. As Administracións educativas promoverán as medidas necesarias para que nas distintas materias se desenvolvan actividades que estimulen o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente en público.

10. Os alumnos poderán realizar unha proba extraordinaria das materias que non superasen, nas datas que determinen as Administracións educativas.

#### Artigo 36. Profesorado.

Para imparti-las ensinanzas do bacharelato esixiranse as mesmas titulacións académicas que as requiridas para a educación secundaria obrigatoria. Será necesario ademais estar en posesión do título de Especialización Didáctica establecido no artigo 58 da presente Lei.

#### Artigo 37. Título de Bacharel.

1. Para obte-lo título de Bacharel será necesaria a avaliación positiva en tódalas materias e a superación dunha proba xeral de bacharelato, da que as condicións básicas serán fixadas polo Goberno, previa consulta ás Comunidades Autónomas.

2. A proba versará, en todo caso, sobre as materias comúns e específicas das diferentes modalidades do bacharelato. A parte correspondente á lingua estranxeira incluírá un exercicio oral e outro escrito. A cualificación final do bacharelato será a media ponderada, nos termos que estableza o Goberno, da cualificación obtida na proba xeral de bacharelato e a media do expediente académico do alumno no bacharelato.

3. O título de Bacharel facultará para acceder á formación profesional de grao superior e ós estudos universitarios.

4. De acordo co artigo 42.3 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, o Goberno establecerá a normativa básica que regule o establecemento por parte das universidades dos procedementos para a admisión de alumnos. En todo caso, entre os requisitos de acceso, primarase a cualificación final do bacharelato.

5. A avaliación positiva en tódalas materias do bacharelato da dereito a un certificado que surtirá os efectos laborais e os académicos previstos no artigo 38.3, párrafo c, desta Lei.

## CAPÍTULO VI. DA FORMACIÓN PROFESIONAL.

### Artigo 38. Acceso.

1. Poderán cursar-la formación profesional de grao medio aqueles que se atopen en posesión do título de Graduado en educación secundaria obrigatoria. Para o acceso á formación profesional específica de grao superior será necesario estar en posesión do título de Bacharel.

2. Tamén poderán acceder á formación profesional aqueles aspirantes que, carecendo dos requisitos académicos, superen unha proba de acceso. Para acceder por esta vía a ciclos formativos de grao superior requirirase ter vinte anos de idade, cumpridos no ano de realización da proba.

3. A proba a que se refire o apartado anterior deberá acreditar:

a. Para a formación profesional de grao medio, os coñecementos suficientes para cursar con aproveitamento ditas ensinanzas e as súas capacidades en relación co campo profesional de que se trate. Da acreditación das capacidades profesionais quedarán exentos aqueles que teñan superada a totalidade dos módulos de carácter profesional dun programa de iniciación profesional ou acrediten unha experiencia laboral, en ambos casos relacionados coa ensinanza que pretendan cursar.

b. Para a formación profesional de grao superior, a madurez en relación cos obxectivos do bacharelato e as súas capacidades referentes ó campo profesional de que se trate. Da acreditación das capacidades profesionais poderán quedar exentos aqueles que acrediten unha experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais que pretendan cursar.

c. Aquelas persoas que teñan superadas tódalas materias de calquera modalidade de bacharelato, poderán acceder ós ciclos formativos de Grao Superior a través dunha proba que permita a acreditación das capacidades do alumno en relación co campo profesional de que se trate.

4. Para quen acredite estar en posesión do título de Técnico e desexe acceder a un ciclo formativo de grao superior relacionado co mesmo, deberá acreditar unicamente a madurez en relación cos obxectivos do bacharelato. Para estes alumnos, o requisito de idade para a realización da proba será de dezaioito anos cumpridos no ano natural.

5. O Goberno determinará as características básicas das probas e a relación entre os títulos de Técnicos e o seu correspondente de Técnico Superior ós efectos previstos neste artigo.

#### Artigo 39. Convenios.

As Administracións educativas poderán establecer convenios educativos con centros que impartan ciclos formativos de formación profesional, de acordo coa programación xeral da ensinanza.

### CAPÍTULO VII. DA ATENCIÓN ÓS ALUMNOS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS.

#### SECCIÓN I. DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES PARA UNHA EDUCACIÓN DE CALIDADE.

#### Artigo 40. Principios.

1. Co fin de asegura-lo dereito individual a unha educación de calidade, os poderes públicos desenvolverán as accións necesarias e aportarán os recursos e os apoios precisos que permitan compensa-los efectos de situacións de desvantaxe social para o logro dos obxectivos de educación e de formación previstos.

2. O Estado poderá impulsar, mediante convenios coas Comunidades Autónomas, actuacións preferentes orientadas ó logro efectivo das súas metas e obxectivos en materia de igualdade de oportunidades e de compensación en educación.

#### Artigo 41. Recursos.

1. As Administracións educativas adoptarán procedementos singulares naqueles centros escolares ou zonas xeográficas nas cales, polas características socioeconómicas e socioculturais da poboación correspondente, resulte necesaria unha intervención educativa diferenciada, con especial atención á garantía da igualdade de oportunidades no mundo rural. En tales casos, aportaranse os recursos materiais e de profesorado necesarios e proporcionaranse o apoio técnico e humano preciso para o logro da compensación educativa.

2. Os poderes públicos organizarán e desenvolverán de maneira integrada accións de compensación educativa, co fin de que as actuacións que correspondan ós seus respectivos ámbitos de competencia consigan o uso máis efectivo posible dos recursos empregados.

3. Excepcionalmente, naqueles casos nos que, para garanti-la calidade da ensinanza, os alumnos de ensinanza obrigatoria teñan que estar escolarizados nun municipio próximo ó da súa residencia ou a unha distancia que o xustifique de acordo coa normativa ó efecto, as Administracións educativas prestarán de forma gratuíta os servicios escolares de transporte, comedor e, no seu caso, internado.

## SECCIÓN II. DOS ALUMNOS ESTRANXEIROS.

Artigo 42. Incorporación ó sistema educativo.

1. As Administracións educativas favorecerán a incorporación ó sistema educativo dos alumnos procedentes de países estranxeiros, especialmente en idade de escolarización obrigatoria. Para os alumnos que descoñezan a lingua e a cultura españolas, ou que presenten graves carencias en coñecementos básicos, as Administracións educativas desenvolverán programas específicos de aprendizaxe coa finalidade de facilita-la súa integración no nivel correspondente.

2. Os programas a que fai referencia o apartado anterior poderanse impartir, de acordo coa planificación das Administracións educativas, en aulas específicas establecidas en centros que impartan ensinanzas en réxime ordinario. O desenvolvemento destes programas será simultáneo á escolarización dos alumnos nos grupos ordinarios, conforme ó nivel e evolución da súa aprendizaxe.

3. Os alumnos maiores de quince anos que presenten graves problemas de adaptación á educación secundaria obrigatoria poderanse incorporar ós programas de iniciación profesional establecidos nesta Lei.
4. Os alumnos estranxeiros terán os mesmos dereitos e os mesmos deberes cós alumnos españois. A súa incorporación ó sistema educativo supoñerá a aceptación das normas establecidas con carácter xeral e das normas de convivencia dos centros educativos nos que se integren.
5. As Administracións educativas adoptarán as medidas oportunas para que os pais de alumnos estranxeiros reciban o asesoramento necesario sobre os dereitos, deberes e oportunidades que comporta a incorporación ó sistema educativo español.

### SECCIÓN III. DOS ALUMNOS SUPERDOTADOS INTELLECTUALMENTE.

#### Artigo 43. Principios.

1. Os alumnos superdotados intelectualmente serán obxecto dunha atención específica por parte das Administracións educativas.
2. Co fin de dar unha resposta educativa máis adecuada a estes alumnos, as Administracións educativas adoptarán as medidas necesarias para identificar e avaliar de forma temperá as súas necesidades.
3. O Goberno, previa consulta ás Comunidades Autónomas, establecerá as normas para flexibiliza-la duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo establecidos na presente Lei, independentemente da idade destes alumnos.
4. As Administracións educativas adoptarán as medidas necesarias para facilita-la escolarización destes alumnos en centros que, polas súas condicións, poidan prestarlles unha atención adecuada ás súas características.
5. Corresponde ás Administracións educativas promove-la realización de cursos de formación específica relacionados co tratamento destes alumnos para o profesorado que os atenda. Igualmente adoptarán as medidas oportunas para que os pais destes alumnos reciban o adecuado asesoramento individualizado, así como a información necesaria que lles axude na educación dos seus fillos.



## SECCIÓN IV. DOS ALUMNOS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.

### Artigo 44. Ámbito.

1. Os alumnos con necesidades educativas especiais que requiran, nun período da súa escolarización ou ó longo de toda ela, e en particular no que se refire á avaliación, determinados apoios e atencións educativas, específicas por padecer discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais, ou por manifestar graves trastornos da personalidade ou da conducta, terán unha atención especializada, con arreglo ós principios de non discriminación e normalización educativa, e coa finalidade de conseguirla súa integración. A tal efecto, as Administracións educativas dotarán a estes alumnos do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade.

2. O sistema educativo dispoñerá dos recursos necesarios para que os alumnos con necesidades educativas especiais, temporais ou permanentes, poidan alcanza-los obxectivos establecidos con carácter xeral para tódolos alumnos.

### Artigo 45. Valoración de necesidades.

1. Os alumnos con necesidades educativas especiais serán escolarizados en función das súas características, integrándoos en grupos ordinarios, en aulas especializadas en centros ordinarios, en centros de educación especial ou en escolarización combinada.

2. A identificación e valoración das necesidades educativas especiais destes alumnos realizarase por equipos integrados por profesionais de distintas cualificacións. Estes profesionais establecerán en cada caso plans de actuación en relación coas necesidades educativas de cada alumno, contando co parecer dos pais e co do equipo directivo e dos profesores do centro correspondente.

3. Ó rematar cada curso, o equipo de avaliación valorará o grao de consecución dos obxectivos establecidos ó comezo do mesmo para os alumnos con necesidades educativas especiais. Os resultados de dita avaliación permitirán introduci-las adaptacións precisas no plan de actuación, incluída a modalidade de escolarización que sexa máis acorde

coas necesidades educativas do alumno. No caso de ser necesario, esta decisión poderá adoptarse durante o curso escolar.

#### Artigo 46. Escolarización.

1. A escolarización dos alumnos con necesidades educativas especiais comezará e finalizará coas idades establecidas con carácter xeral para o nivel e a etapa correspondente. Excepcionalmente, poderá autorizarse a flexibilización do período de escolarización na ensinanza obrigatoria. En calquera caso, o límite de idade para poder permanecer escolarizado nun centro de educación especial será de vinteún anos.

2. A escolarización de alumnos con necesidades educativas especiais incluírá tamén a orientación ós pais para a necesaria cooperación entre a escola e a familia.

#### Artigo 47. Recursos dos centros.

1. As Administracións educativas dotarán ós centros sostidos con fondos públicos do persoal especializado e dos recursos necesarios para garantir a escolarización de alumnos con necesidades educativas especiais. Na programación da oferta de postos escolares gratuítos, determinaranse aqueles centros que, pola súa localización e os seus recursos, se consideren os máis indicados para atender as diversas necesidades destes alumnos.

2. As Administracións educativas, para facilitar a escolarización e unha mellor incorporación destes alumnos ó centro escolar, poderán establecer acordos de colaboración con outras Administracións ou entidades públicas ou privadas.

3. Os centros escolares de nova creación sostidos con fondos públicos deberán cumprir coas disposicións normativas vixentes en materia de promoción da accesibilidade e eliminación de barreiras de todo tipo que lles sexan de aplicación. As Administracións educativas promoverán programas para eliminar as barreiras dos centros escolares sostidos con fondos públicos que, por razón da súa antigüidade ou por outros motivos, presenten obstáculos para os alumnos con problemas de mobilidade ou comunicación.

#### Artigo 48. Integración social e laboral.

Coa finalidade de facilitar a integración social e laboral dos alumnos que non poidan conseguir os obxectivos previstos na ensinanza básica, as

Administracións públicas promoverán ofertas formativas adaptadas ás necesidades específicas dos alumnos.

## TÍTULO II.

### DAS ENSEÑANZAS DE IDIOMAS.

Artigo 49. Ámbito e estrutura.

1. As Escolas Oficiais de Idiomas, para as que establecerá os requisitos mínimos o Goberno, son centros que imparten ensinanzas especializadas de idiomas, que teñen a consideración de ensinanzas de réxime especial ás que se refire esta Lei.

2. A estrutura básica destas ensinanzas adecuarase ós seguintes niveis:

Nivel Básico.

Nivel Intermedio.

Nivel Avanzado.

Na determinación das ensinanzas comúns correspondentes ós niveis das diferentes linguas, estableceranse os efectos dos certificados correspondentes.

3. O profesorado que imparta estas ensinanzas deberá pertencer ós corpos de Catedráticos ou de Profesores de Escolas Oficiais de Idiomas. Así mesmo, poderán impartilas profesores doutros corpos docentes do mesmo nivel e coa especialidade correspondente nas condicións establecidas nas normas vixentes.

4. Para acceder ás ensinanzas das Escolas Oficiais de Idiomas será requisito imprescindible ter cursado os dous primeiros cursos da ensinanza secundaria obrigatoria ou estar en posesión do título de Graduado Escolar, do Certificado de Escolaridade ou de Estudos Primarios.

5. Os alumnos non escolarizados nestes centros poderán obter os certificados correspondentes ós distintos niveis mediante a superación das probas que organicen as Administracións educativas, de conformidade cos requisitos básicos que estableza o Goberno.

Artigo 50. Escolas Oficiais de Idiomas.

1. Nas Escolas Oficiais de Idiomas fomentarase especialmente o estudo das linguas oficiais dos Estados membros da Unión Europea, o das linguas cooficiais existentes no Estado, así como a ensinanza do español como lingua estranxeira.
2. De acordo co que establezan as Administracións educativas, as Escolas Oficiais de Idiomas poderán impartir cursos para a actualización de coñecementos de idiomas e para a formación das persoas adultas e do profesorado.
3. As Administracións educativas fomentarán tamén a ensinanza de idiomas a distancia. Esta oferta poderá integrarse nas Escolas Oficiais de Idiomas.
4. As Escolas Oficiais de Idiomas poderán desenvolver plans de investigación e innovación en relación coas ensinanzas que impartan, de acordo co que as Administracións educativas establezan.

Artigo 51. Realización de probas no sistema escolar.

As Administracións educativas facilitarán a realización de probas homologadas para obter a certificación oficial do coñecemento das linguas estranxeiras cursadas polos alumnos de educación secundaria e formación profesional.

### TÍTULO III.

#### DA APRENDIZAXE PERMANENTE: ENSINANZAS PARA AS PERSOAS ADULTAS.

Artigo 52. Obxectivo.

1. A educación permanente ten como obxectivo ofrecer a tódolos cidadáns a posibilidade de formarse ó longo de toda a vida, co fin de adquirir, actualizar, completar e ampliar as súas capacidades e coñecementos para o seu desenvolvemento persoal ou profesional.

A tal fin, as Administracións educativas colaborarán con outras Administracións públicas con competencias na formación de persoas adultas e, en especial, coa administración laboral.

2. As ensinanzas para as persoas adultas terán os seguintes obxectivos:

a. Adquirir, completar ou ampliar capacidades e coñecementos e facilita-lo acceso ós distintos niveis do sistema educativo.

b. Desenvolver programas e cursos para responder a determinadas necesidades educativas específicas de grupos sociais desfavorecidos.

c. Mellora-la súa cualificación profesional ou adquirir unha preparación para o exercicio doutras profesións.

d. Desenvolve-la súa capacidade de participación na vida social, cultural, política e económica.

3. Dentro do ámbito das ensinanzas para as persoas adultas, as Administracións públicas atenderán preferentemente a aquelas persoas que, por diferentes razóns, non puidesen completa-la ensinanza básica. Así mesmo, poderán seguir estas ensinanzas aqueles alumnos maiores de dezaseis anos que polo seu traballo ou outras circunstancias especiais non poidan acudir ós centros educativos en réxime ordinario.

4. Nos establecementos penitenciarios e hospitais garantirase á poboación reclusa e hospitalizada a posibilidade de acceso a estas ensinanzas.

5. As ensinanzas para as persoas adultas poderanse impartir a través das modalidades presencial e a distancia.

6. As Administracións educativas promoverán convenios de colaboración coas universidades, entes locais e outras institucións ou entidades, para desenvolve-las ensinanzas para as persoas adultas.

7. As Administracións educativas promoverán programas específicos de lingua castelá e as outras linguas cooficiais, no seu caso, e de elementos básicos da cultura para facilita-la integración das persoas inmigrantes.

### Artigo 53. Ensinanza básica.

1. As persoas adultas que pretendan adquiri-los coñecementos correspondentes á ensinanza básica contarán cunha oferta adaptada ás súas condicións e necesidades. Esta oferta deberá axustarse ós obxectivos, contidos e criterios de avaliación fixados con carácter xeral nos currículos das ensinanzas obrigatorias das respectivas Administracións educativas.

2. A ensinanza básica para as persoas adultas poderá impartirse en centros que impartan ensinanzas en réxime ordinario ou en centros específicos debidamente autorizados pola Administración educativa competente.

3. As Administracións educativas, no ámbito das súas competencias e de acordo coas condicións básicas que estableza o Goberno, organizarán periodicamente probas para que as persoas maiores de dezoito anos de idade poidan obter directamente o título de Graduado en educación secundaria obrigatoria.

#### Artigo 54. Ensinanzas de bacharelato e formación profesional.

1. As Administracións educativas facilitarán a tódolos cidadáns o acceso ós niveis ou graos das ensinanzas non obrigatorias.

2. As persoas adultas que estean en posesión da titulación requirida poderán cursa-lo bacharelato e a formación profesional. As Administracións educativas adoptarán as medidas oportunas para que ditas persoas dispoñan nos centros ordinarios que se determinen dunha oferta específica destes estudos, organizada de acordo coas súas características.

3. As Administracións educativas organizarán nestes niveis a oferta pública de ensinanza a distancia, co fin de atender adecuadamente á demanda de formación permanente das persoas adultas.

4. As persoas maiores de vinteún anos poderán presentarse, na modalidade de bacharelato que prefiran, á proba xeral de bacharelato, para a obtención do título de Bacharel, de acordo coas condicións básicas que estableza o Goberno.

5. As Administracións educativas organizarán probas, de acordo coas condicións básicas que o Goberno estableza, para obter os títulos de formación profesional.

6. Os maiores de vintecinco anos de idade poderán acceder á universidade mediante a superación dunha proba específica.

#### Artigo 55. Profesorado.

1. Os profesores que impartan ensinanzas escolares ás persoas adultas, que conduzan á obtención dun título académico ou profesional, deberán estar en posesión da titulación establecida con carácter xeral para impartir-las correspondentes ensinanzas.

2. As Administracións educativas facilitaranlle a estes profesores a formación especializada necesaria para responder ás características das persoas adultas.

## TÍTULO IV.

### DA FUNCIÓN DOCENTE.

Artigo 56. Funcións do profesorado.

Ós profesores de centros escolares correspóndenlle-las seguintes funcións:

- a. A ensinanza das áreas, materias e módulos que teñan encomendados.
- b. Promover e participar nas actividades complementarias, dentro ou fóra do recinto educativo, programadas polos profesores e departamentos didácticos e incluídas na programación xeral anual.
- c. A contribución para que as actividades do centro se desenvolvan nun clima de respecto, de tolerancia, de participación e de liberdade para fomentar nos alumnos valores propios dunha sociedade democrática.
- d. A titoría dos alumnos para dirixi-la súa aprendizaxe, transmitir-lles valores e axudalos, en colaboración cos pais, a supera-las súas dificultades.
- e. A colaboración, cos servicios ou departamentos especializados en orientación, no proceso de orientación educativa, académica e profesional dos alumnos.
- f. A coordinación das actividades docentes, de xestión e de dirección que lles sexan encomendadas.
- g. A participación na actividade xeral do centro.
- h. A investigación, a experimentación e a mellora continua dos procesos de ensinanza correspondente.

## CAPÍTULO I.

### DA FORMACIÓN DO PROFESORADO.

Artigo 57. Principios.

1. As Administracións educativas promoverán a actualización e a mellora continua da cualificación profesional dos profesores e a adecuación dos seus coñecementos e métodos á evolución da ciencia e das didácticas específicas.

2. Os programas de formación permanente do profesorado deberán contempla-las necesidades específicas relacionadas coa organización e dirección dos centros, coordinación didáctica, orientación e titoría, coa finalidade de mellora-la calidade da ensinanza e o funcionamento dos centros.

3. De igual modo, as Administracións educativas, no ámbito das súas competencias, promoverán unha formación de base para os profesores na materia de necesidades educativas especiais asociadas á discapacidade.

#### Artigo 58. Formación inicial.

1. Para imparti-las ensinanzas da educación secundaria, da formación profesional de grao superior e as ensinanzas de réxime especial, ademais das titulacións académicas correspondentes, será necesario estar en posesión dun título profesional de Especialización Didáctica.

2. O título de Especialización Didáctica obterase trala superación dun período académico e doutro de prácticas docentes.

3. O Goberno regulará as condicións de acceso a ambos períodos, así como os efectos do correspondente título de Especialización Didáctica, e as demais condicións para a súa obtención, expedición e homologación.

4. A aprobación do período académico habilitará os titulados universitarios para poder realiza-los exercicios de acceso á función pública docente e para poder exercer como profesor en prácticas en centros privados.

5. As universidades poderán organiza-las ensinanzas do título de Especialización Didáctica, mediante os oportunos convenios coa correspondente Administración educativa. As universidades poderán incorporar ós plans de estudo das súas titulacións oficiais as materias incluídas no período académico de dita titulación.

6. Rematados os estudos universitarios correspondentes, os titulados poderán matricularse no período académico do título de Especialización Didáctica, co fin de obte-la habilitación á que se refire o apartado 4. Ó



efectua-la matrícula poderán solicita-la validación daqueles créditos cursados con anterioridade. As universidades acreditarán a superación de dito período académico.

7. No caso das ensinanzas de formación profesional, Artísticas e de Idiomas, os estudos requiridos para a obtención do título de Especialización Didáctica adaptaranse ás características destas ensinanzas segundo o que se estableza na correspondente normativa básica.

Artigo 59. Formación permanente.

1. Sen prexuízo das competencias das Comunidades Autónomas en materia de formación do profesorado, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte poderá desenvolver programas de formación permanente do profesorado dos centros sostidos con fondos públicos, en tódolos niveis e modalidades de ensinanza.

2. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e as Comunidades Autónomas poderán colaborar no establecemento, desenvolvemento e execución de programas de formación do profesorado, mediante os convenios que, a estes efectos, se subscriban.

3. Ós efectos dos concursos de traslados de ámbito nacional e do recoñecemento da mobilidade entre os corpos docentes, previstos na disposición adicional oitava desta Lei, as actividades de formación organizadas por calquera das Administracións educativas, surtirán os seus efectos en todo o territorio nacional, previo cumprimento dos requisitos básicos que o Goberno estableza, unha vez consultadas as Comunidades Autónomas.

4. As Administracións educativas establecerán os procedementos que permitan a participación do profesorado dos centros sostidos con fondos públicos nos plans de formación, así como nos programas de investigación e innovación.

## CAPÍTULO II.

### DA VALORACIÓN DA FUNCIÓN PÚBLICA DOCENTE.

Artigo 60. Plans de valoración.

1. Co fin de mellora-lo labor docente dos profesores, as Administracións educativas, no ámbito das súas competencias, elaborarán plans para a valoración da función pública docente, coa participación do profesorado.

2. As Administracións educativas dispoñerán os procedementos para que os resultados da valoración da función docente sexan tidos en conta de modo preferente na carreira profesional do profesorado, xunto coas actividades de formación, investigación e innovación.

Así mesmo, prestarán unha atención prioritaria á cualificación e á formación do profesorado, á mellora das condicións nas que realiza o seu traballo e ó estímulo dunha crecente consideración e recoñecemento social da función docente.

#### Artigo 61. Avaliación voluntaria.

1. As Administracións educativas fomentarán a avaliación voluntaria do profesorado. Os resultados destas avaliacións poderanse ter en conta a efectos de mobilidade e de promoción dentro da carreira docente.

2. As certificacións de avaliación voluntaria, no que se refire ós concursos de traslados de ámbito nacional e á mobilidade entre os corpos docentes, previstos na disposición adicional oitava desta Lei, surtirán os seus efectos en todo o territorio nacional, previo cumprimento das condicións e requisitos básicos que o Goberno estableza, unha vez consultadas as Comunidades Autónomas.

#### Artigo 62. Medidas de apoio ó profesorado.

1. As Administracións educativas, de acordo coa programación xeral da ensinanza, favorecerán en tódolos niveis educativos:

a. O recoñecemento da función titorial, mediante os oportunos incentivos profesionais e económicos.

b. A redución de xornada lectiva de aqueles profesores maiores de 55 anos que o soliciten, coa correspondente diminución proporcional das retribucións. Poderán, así mesmo, favorecer-la substitución parcial da xornada lectiva por actividades doutra natureza sen redución das súas retribucións.

c. O recoñecemento do labor do profesorado, atendendo á súa especial dedicación ó centro e á implantación de plans que supoñan innovación

educativa, por medio dos incentivos económicos e profesionais que se determinen.

d. A realización de actuacións destinadas a premia-la excelencia e o especial esforzo do profesorado no seu exercicio profesional.

e. O desenvolvemento de licencias retribuídas, de acordo coas condicións e requisitos que establezan, co fin de estimular-la realización de actividades de formación e de investigación e innovación educativas.

2. As Administracións educativas, respecto do profesorado dos centros escolares públicos, adoptarán as medidas oportunas para garanti-la súa debida protección e asistencia xurídica, así como a cobertura da responsabilidade civil, en relación cos feitos que se deriven do seu exercicio profesional e das súas funcións que, incluídas na programación xeral anual, se realicen dentro ou fóra do recinto escolar.

## TÍTULO V.

### DOS CENTROS DOCENTES.

#### CAPÍTULO I.

##### DOS PRINCIPIOS XERAIS.

Artigo 63. Réxime xurídico.

Os centros docentes que impartan as ensinanzas ás que se refire esta Lei rexeranse polo disposto na mesma e disposicións que a desenvolven, así como polo establecido nas demais normas vixentes que lles sexan de aplicación.

Artigo 64. Clasificación de centros.

1. Os centros docentes clasifícanse en públicos e privados.

2. Son centros públicos aqueles do que é titular un poder público. Son centros privados aqueles do que é titular unha persoa física ou xurídica de carácter privado. Enténdese por titular dun centro educativo a persoa física ou xurídica que conste como tal no rexistro de centros da correspondente Administración educativa.

3. Os centros privados sostidos con fondos públicos recibirán a denominación de centros concertados.

## Artigo 65. Tipoloxía de centros.

1. Os centros docentes, en función das ensinanzas que impartan, poderán ser de:

- a. Educación infantil.
- b. Educación primaria.
- c. Educación secundaria obrigatoria.
- d. Bacharelato.
- e. Formación profesional.
- f. Ensinanzas artísticas.
- g. Ensinanza de idiomas.
- h. Educación especial.

2. A adaptación do preceptuado nesta Lei ós centros que impartan ensinanzas non comprendidas no apartado anterior, así como ós centros que comprendan dúas ou máis das ensinanzas a que se refire este artigo, efectuarase polas Administracións educativas.

## Artigo 66. Centros docentes con especialización curricular.

1. Os centros docentes, en virtude da súa autonomía pedagóxica e de organización establecidas na presente Lei, e de acordo co procedemento que establezan as Administracións educativas, poderán ofrecer proxectos educativos que reforcen e amplíen determinados aspectos do currículo referidos ós ámbitos lingüístico, humanístico, científico, tecnolóxico, artístico, deportivo e das tecnoloxías da información e das comunicacións.

2. A autorización dunha especialización curricular poderá incorporar, no seu caso, a ampliación dos horarios para desenvolve-los correspondentes proxectos de especialización.

3. Os centros docentes poderán engadir á súa denominación específica a especialización para a que sexan autorizados. Deberán incluír no seu proxecto educativo a información necesaria sobre a especialización correspondente, co fin de orienta-los alumnos e os seus pais.

4. A autorización dunha especialización curricular poderá ser revogada pola Administración educativa competente no caso de que o resultado da avaliación correspondente poña de manifesto que non se cumpren os obxectivos previstos.

5. As Administracións educativas prestarán un especial apoio ós centros sostidos con fondos públicos que contan con algunha especialización curricular.

#### Artigo 67. Autonomía dos centros.

1. Os centros docentes dispoñerán da necesaria autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión económica para favorecer a mellora continua da educación. As Administracións educativas, no ámbito das súas competencias, fomentarán esta autonomía e estimularán o traballo en equipo dos profesores.

2. Os centros docentes estarán dotados do persoal e dos recursos educativos e materiais necesarios para garantir unha ensinanza de calidade.

3. O exercicio da autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión dos centros irá acompañada do desenvolvemento de mecanismos de responsabilidade e, en particular, de procedementos de avaliación, tanto externa como interna, no marco do disposto no título VI da presente Lei, que sirvan de estímulo e permitan orientar convenientemente os procesos de mellora.

4. As Administracións educativas promoverán acordos ou compromisos cos centros para o desenvolvemento de plans e de actuacións que comporten unha mellora continua tanto dos procesos educativos como dos resultados.

#### Artigo 68. Autonomía pedagóxica.

1. A autonomía pedagóxica, con carácter xeral, concretarase mediante as programacións didácticas, plans de acción tutorial e plans de orientación académica e profesional e, en todo caso, mediante proxectos educativos.

2. Os centros docentes, dentro do marco xeral que establezan as Administracións educativas, elaborarán o proxecto educativo no que se fixarán os obxectivos e as prioridades educativas, así como os procedementos de actuación. Para a elaboración de dito proxecto deberán

terse en consideración as características do centro e do seu contorno escolar, así como as necesidades educativas dos alumnos.

3. O proxecto educativo dos centros docentes con especialización curricular deberá incorpora-los aspectos específicos que definan o carácter singular do centro.

4. Os centros docentes farán público o seu proxecto educativo e facilitaranlle ós alumnos e ós seus pais tanta información favoreza unha maior participación da comunidade educativa.

5. O proxecto educativo dos centros concertados deberá incorpora-lo carácter propio ó que se refire o artigo 73 da presente Lei.

6. Os centros docentes desenvolverán os currículos establecidos polas Administracións educativas mediante as programacións didácticas.

7. As programacións didácticas son os instrumentos de planificación curricular específicos para cada unha das áreas, materias o módulos.

8. Os equipos de profesores dos centros públicos terán autonomía para elixir, de entre os que se adapten ó currículo normativamente establecido, os libros de texto e demais materiais curriculares que teñan que usarse en cada ciclo ou curso e en cada área, materia ou módulo.

#### Artigo 69. Autonomía organizativa.

1. A autonomía organizativa concretarase na programación xeral anual e nos regulamentos de réxime interior. A programación xeral anual será elaborada polo equipo directivo, previo informe do Claustro de Profesores.

2. As Administracións locais poderán colaborar cos centros educativos para impulsa-las actividades extraescolares e promove-la relación entre a programación dos centros e o contorno no que estes desenvolven o seu labor. Así mesmo, prestarán a súa colaboración no fomento da convivencia nos centros e participarán na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.

#### Artigo 70. Autonomía de xestión económica.

1. Os centros docentes públicos que impartan ensinanzas reguladas pola presente Lei dispoñerán de autonomía na súa xestión económica, de acordo co establecido nas normas vixentes.

2. As Administracións educativas, dentro dos límites que a normativa correspondente estableza, regularán o procedemento que lle permita ós centros docentes públicos obter recursos complementarios. Estes recursos non poderán proceder das actividades levadas a cabo polas asociacións de pais e de alumnos en cumprimento dos seus fins, de acordo co que as Administracións educativas establezan.

3. En calquera caso, as Administracións educativas prestarán especial apoio a aqueles centros sostidos con fondos públicos que escolaricen alumnos con necesidades educativas específicas ou estean situados en zonas social ou culturalmente desfavorecidas.

## CAPÍTULO II.

### DOS CENTROS PÚBLICOS.

Artigo 71. Denominación dos centros públicos.

1. Os centros públicos de educación infantil denominaranse Escolas infantís, os de educación primaria, Colexios de Educación Primaria; os de educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional, Institutos de Educación Secundaria. As Administracións competentes poderán crear e autorizar centros integrados de formación profesional de acordo co establecido no artigo 11 da Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional.

2. Os centros non comprendidos no apartado anterior denominaranse de acordo co que dispoñan as súas regulamentacións especiais.

Artigo 72. Admisión de alumnos.

1. As Administracións educativas realizarán unha adecuada programación dos postos escolares gratuítos que garanta a efectividade do dereito á educación e o dereito á libre elección de centro. En todo caso, en dita programación, atenderase a unha adecuada e equilibrada distribución entre os centros escolares dos alumnos con necesidades educativas específicas, co fin de garanti-la súa escolarización nas condicións máis apropiadas.

2. Nos centros sostidos con fondos públicos que impartan varios niveis educativos, o procedemento inicial de admisión realizarase ó comezo da oferta do nivel inferior dos que sexan obxecto de financiamento.

3. En ningún caso habrá discriminación na admisión de alumnos por razóns ideolóxicas, relixiosas, morais, sociais, de raza ou nacemento.

4. As Administracións educativas poderán solicita-la colaboración doutras instancias administrativas para garanti-la autenticidade dos datos que os interesados aporten no proceso de admisión de alumnos.

### CAPÍTULO III.

#### DOS CENTROS PRIVADOS.

Artigo 73. Carácter propio dos centros privados.

1. Os titulares dos centros privados terán dereito a establece-lo carácter propio dos mesmos, respectando, en todo caso, os principios constitucionais e os dereitos recoñecidos a profesores, pais e alumnos.

2. O carácter propio do centro deberá ser posto en coñecemento dos distintos membros da comunidade educativa polo titular do centro. A elección do centro polas familias e alumnos comportará a aceptación do carácter propio deste.

Artigo 74. Centros privados no exterior.

Os centros privados que impartan ensinanzas do sistema educativo español no exterior deberán cumpri-los requisitos que estableza o Goberno, como condición para o recoñecemento dos seus estudos e a expedición dos títulos correspondentes.

### CAPÍTULO IV.

#### DOS CENTROS CONCERTADOS.

Artigo 75. Concertos.

1. Os centros privados que, en orde á prestación do servizo de interese público da educación e á liberdade de elección de centro, impartan as ensinanzas declaradas gratuítas na presente Lei, poderán acollerse ó réxime de concertos sempre que así o soliciten e reúnan os requisitos previstos nas leis educativas. A tal efecto, os citados centros deberán formalizar coa Administración educativa que proceda o pertinente concerto.



2. O Goberno establecerá as normas básicas a que deben someterse os concertos.
3. O concerto establecerá os dereitos e obrigacións recíprocas en canto a réxime económico, duración, prórroga e extinción do mesmo, número de unidades escolares concertadas e demais condicións de impartición da ensinanza, con suxeición ás disposicións reguladoras do réxime de concertos e do procedemento administrativo.
4. Os concertos poderán afectar a varios centros sempre que pertenzan a un mesmo titular.
5. Terán preferencia para acollerse ó réxime de concertos aqueles centros que impartan a ensinanza básica, satisfagan necesidades de escolarización, atendan a poboacións escolares de condicións sociais e económicas desfavorables ou que realicen experiencias de interese pedagóxico para o sistema educativo. Ademais, terán preferencia aqueles centros que en réxime de cooperativa cumpran coas finalidades anteriormente sinaladas. As Administracións educativas terán en conta a demanda social das prazas escolares nos centros.

#### Artigo 76. Módulos do concerto.

1. A contía global dos fondos públicos destinados ó sostemento dos centros concertados establecerase nos orzamentos das Administracións correspondentes.
2. A efectos de distribución da contía global a que fai referencia o apartado anterior, o importe do módulo económico por unidade escolar fixarase anualmente nos Orzamentos Xerais do Estado e, no seu caso, nos das Comunidades Autónomas, non podendo nestes ser inferior ó que se estableza nos primeiros en ningunha das cantidades nas que se diferencia o citado módulo de acordo co que se establece no apartado seguinte.
3. No módulo, cunha contía que asegurará que a ensinanza se imparta en condicións de gratuidade, diferenciaranse:
  - a. As cantidades correspondentes a salarios do persoal docente, incluídas as cotizacións por cota patronal á Seguridade Social correspondente ós titulares dos centros.
  - b. As cantidades asignadas a outros gastos, que comprenderán as de persoal de administración e servizos, as ordinarias de mantemento e conservación

e as de reposición de inversións reais. Así mesmo, poderán considerarse as derivadas do exercicio da función directiva non docente. En ningún caso, se computarán intereses do capital propio. As citadas cantidades fixaranse con criterios análogos ós aplicados nos centros públicos.

c. As cantidades pertinentes para atender o pago dos conceptos de antigüidade do persoal docente dos centros concertados e conseguinte repercusión nas cotas da Seguridade Social, pago das substitucións do profesorado e os derivados do exercicio da función directiva docente; pago das obrigacións derivadas do establecido no artigo 68 do Estatuto dos Traballadores. Tales cantidades recolleranse nun fondo xeral que se distribuirá de forma individualizada entre o persoal docente dos centros concertados, de acordo coas circunstancias que concorran en cada profesor e aplicando criterios análogos ós fixados para o profesorado dos centros públicos.

4. As cantidades correspondentes ós salarios do persoal docente a que fai referencia o apartado anterior, farán posible que gradualmente a remuneración de aquel sexa análoga á do profesorado estatal dos respectivos niveis.

5. Os salarios do persoal docente serán aboados pola administración ó profesorado como pago delegado e no nome da entidade titular do centro, con cargo e a conta das cantidades previstas no apartado anterior. A tal fin, o titular do centro, na súa condición de empregador na relación laboral, facilitaralle á administración as nóminas correspondentes, así como as súas eventuais modificacións.

6. A administración non poderá asumir alteracións nos salarios do profesorado, derivadas de convenios colectivos que superen a porcentaxe de incremento global das cantidades correspondentes a salarios a que fai referencia o apartado 3 deste artigo.

7. A regulamentación que desenvolve o réxime de concertos terá en conta as características específicas das cooperativas de ensinanza, a fin de facilita-la xestión dos seus recursos económicos e humanos.

## **CAPÍTULO V.**

### **DOS ÓRGANOS DE GOBERNO, ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN NO CONTROL E XESTIÓN E ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS.**

## SECCIÓN I. PRINCIPIOS XERAIS.

### Artigo 77. Principios.

1. Nos centros docentes públicos existirán órganos de goberno e órganos de participación no control e xestión dos mesmos.
2. Os órganos de goberno e de participación no control e xestión dos centros velarán para que as actividades destes se desenvolvan de acordo cos principios e valores da Constitución, pola efectiva realización dos fins da educación establecidos nas disposicións vixentes, e pola calidade da ensinanza.
3. Ademais garantirán, no ámbito da súa competencia, o exercicio dos dereitos recoñecidos ós alumnos, profesores, pais de alumnos e persoal de administración e servizos e velarán polo cumprimento dos deberes correspondentes. Así mesmo, favorecerán a participación efectiva de tódolos membros da comunidade educativa na vida do centro, na súa xestión e na súa avaliación.

### Artigo 78. Tipos de órganos.

1. Os centros docentes públicos terán os seguintes órganos de goberno e de participación no control e xestión:
  - a. Órganos de goberno: director, xefe de estudos, secretario e cantos outros determinen as Administracións educativas.
  - b. Órganos de participación no control e xestión: Consello Escolar, Claustro de Profesores e cantos outros determinen as Administracións educativas.
2. As Administracións educativas determinarán a periodicidade das reunións destes órganos, así como o seu réxime de funcionamento.
3. Os órganos de participación no control e xestión do centro avaliarán periodicamente, de acordo coas súas respectivas competencias, o funcionamento e cumprimento dos obxectivos deste e analizarán os resultados das probas externas que se realicen no mesmo.
4. O Consello Escolar e o Claustro de Profesores, así como os órganos de Goberno e os distintos sectores da comunidade educativa colaborarán nos plans de avaliación do centro que se lles encomenden, nos termos que as

Administracións educativas establezan, sen prexuízo dos procesos de avaliación interna que se realicen no centro.

## SECCIÓN II. ÓRGANOS DE GOBERNO.

Artigo 79. Director.

O director é o representante da Administración educativa no centro e ten atribuídas as seguintes competencias:

- a. Garanti-lo cumprimento das Leis e demais disposicións vixentes.
- b. Exerce-la xefatura de todo o persoal adscrito ó centro e adopta-las resolucións disciplinarias que correspondan de acordo coas normas aplicables.
- c. Dirixir e coordinar tódalas actividades do centro cara a consecución do proxecto educativo do mesmo, de acordo coas disposicións vixentes e sen prexuízo das competencias atribuídas ó Claustro de Profesores e ó Consello Escolar do centro.
- d. Ostenta-la representación do centro, sen prexuízo das atribucións das demais autoridades educativas.
- e. Colaborar cos órganos da Administración educativa en todo o relativo ó logro dos obxectivos educativos do centro.
- f. Propoñerlle á Administración educativa o nomeamento e cese dos membros do equipo directivo, previa información ó Claustro de Profesores e ó Consello Escolar do centro.
- g. Impulsa-la colaboración coas familias, con institucións e con organismos que faciliten a relación do centro co contorno, e fomentar un clima escolar que favoreza o estudo e o desenvolvemento de cantas actuacións propicien unha formación integral en coñecementos e valores dos alumnos.
- h. Favorece-la convivencia no centro, resolve-los conflitos e impoñer tódalas medidas disciplinarias que correspondan ós alumnos, de acordo coas normas que establezan as Administracións educativas e en cumprimento dos criterios fixados no regulamento de réxime interior do centro. A tal fin, promoverase a axilización dos procedementos para a resolución dos conflitos nos centros.

- i. Convocar e presidi-los actos académicos e as sesións do Consello Escolar e do Claustro de Profesores do centro e executa-los acordos adoptados no ámbito das súas competencias.
- k. Realiza-las contratacións de obras, servicios e provisións, así como autoriza-los gastos de acordo co orzamento do centro, ordena-los pagos e visa-las certificacións e documentos oficiais do centro, todo iso de acordo co que establezan as Administracións educativas.
- l. Promover plans de mellora da calidade do centro, así como proxectos de innovación e investigación educativa.
- m. Impulsar procesos de avaliación interna do centro e colaborar nas avaliacións externas.
- n. Calquera outras que lle sexan encomendadas pola Administración educativa.

#### Artigo 80. Equipo directivo.

1. O director, previa comunicación ó Claustro de Profesores e ó Consello Escolar, formulará proposta de nomeamento e cese á Administración educativa dos cargos de xefe de estudos e secretario, e demais órganos de Goberno, de entre os profesores con destino definitivo en dito centro. A xefatura de estudos deberá recaer nun profesor dos corpos do nivel educativo e réxime correspondente.
2. Os órganos de Goberno constituirán o equipo directivo e traballarán de forma coordinada no desempeño das súas funcións conforme ás instrucións do director.
3. Tódolos membros do equipo directivo cesarán nas súas funcións ó remate do seu mandato ou cando se produza o cese do director.  
  
Así mesmo, a Administración educativa cesará a calquera dos membros do equipo directivo designado polo director, a proposta deste mediante escrito razoado, previa comunicación ó Consello Escolar do centro.
4. Nos centros de nova creación, o xefe de estudos e o secretario serán nomeados directamente pola Administración educativa.

5. As Administracións educativas favorecerán o exercicio da función directiva nos centros docentes, mediante adopción de medidas que permitan mellora-la actuación dos equipos directivos en relación co persoal e os recursos materiais e mediante a organización de programas e cursos de formación.

### SECCIÓN III. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN NO CONTROL E XESTIÓN DOS CENTROS

Artigo 81. Consello Escolar.

1. O Consello Escolar é o órgano de participación no control e xestión do centro dos distintos sectores que constitúen a comunidade educativa.

2. O Consello Escolar estará composto polos seguintes membros:

a. O director do centro, que será o seu presidente.

b. O xefe de estudos.

c. Un concelleiro ou representante do Concello do término municipal no que se atope radicado o centro.

d. Un número de profesores, elixidos polo Claustro, que non poderá ser inferior a un tercio do total dos compoñentes do Consello.

e. Un número de pais e de alumnos, elixidos respectivamente por e entre eles, que non poderá ser inferior a un tercio do total dos compoñentes do Consello.

f. Un representante do persoal de administración e servizos do centro.

g. O secretario do centro, que actuará como secretario do Consello, con voz e sen voto.

Ademais, nos centros específicos de educación especial e naqueles que teñan aulas especializadas, formará parte tamén do Consello Escolar un representante do persoal de atención educativa complementaria.

3. Os alumnos poderán ser elixidos membros do Consello Escolar, a partir do terceiro curso da educación secundaria obrigatoria. En ningún caso poderá ser elixido un alumno que fose obxecto de sanción por condutas

gravemente prexudiciais para a convivencia do centro durante o curso no que teña lugar a celebración das eleccións.

4. Os alumnos do terceiro ciclo de educación primaria e dos dous primeiros cursos da educación secundaria obrigatoria poderán participar no Consello Escolar nos termos que establezan as Administracións educativas.

5. As Administracións educativas regulamentarán as condicións polas que os centros que impartan ensinanzas de formación profesional específica ou artes plásticas e deseño poidan incorporar ó seu Consello Escolar un representante proposto polas organizacións empresariais ou institucións laborais presentes no ámbito de acción do centro.

6. As Administracións educativas determinarán o número total de membros do Consello Escolar e regularán o proceso de elección dos representantes dos distintos sectores que o integran.

7. Nos centros específicos de educación infantil, nos incompletos de educación primaria, nos de educación secundaria con menos de oito unidades, en centros de educación permanente de persoas adultas e de educación especial, nos que se impartan ensinanzas de réxime especial, así como naquelas unidades ou centros de características singulares, a Administración educativa competente adaptará o disposto neste artigo e no artigo 78 desta Lei á singularidade dos mesmos.

#### Artigo 82. Atribucións do Consello Escolar.

1. O Consello Escolar do centro terá as seguintes atribucións:

a. Formular propostas ó equipo directivo sobre a programación anual do centro e aproba-lo proxecto educativo, sen prexuízo das competencias do Claustro de Profesores, en relación coa planificación e organización docente.

b. Elaborar informes, a petición da administración competente, sobre o funcionamento do centro e sobre aqueles outros aspectos relacionados coa actividade do mesmo.

c. Participar no proceso de admisión de alumnos e vixiar para que se realice de acordo ó establecido nesta Lei e disposicións que a desenvolven.

d. Aproba-lo regulamento de réxime interior do centro.

- e. Coñece-la resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e coidar de que estas se atean á normativa vixente.
  - f. Aproba-lo proxecto de orzamento do centro e a súa liquidación.
  - g. Promove-la conservación e renovación das instalacións e equipo escolar.
  - h. Propoñe-las directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, con outros centros, entidades e organismos.
  - i. Analizar e valora-lo funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados da avaliación que do centro realice a Administración educativa.
  - k. Ser informado da proposta á Administración educativa do nomeamento e cese dos membros do equipo directivo.
  - l. Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.
  - m. Calquera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa.
2. As Administracións educativas poderán establecer unha denominación específica para referirse ó Consello Escolar dos centros educativos.

#### Artigo 83. Claustro de Profesores.

1. O Claustro de Profesores é o órgano propio de participación dos profesores no control e xestión do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, no seu caso, decidir sobre tódolos aspectos docentes do centro.
2. O Claustro será presidido polo director e estará integrado pola totalidade dos profesores que presten servizo no centro.

#### Artigo 84. Atribucións do Claustro de Profesores.

O Claustro de Profesores terá as seguintes atribucións:

- a. Formularlle ó equipo directivo propostas para a elaboración da programación xeral anual, así como avalia-la súa aplicación.



- b. Formular propostas ó Consello Escolar para a elaboración do proxecto educativo e informar, antes da súa aprobación, dos aspectos relativos á organización e planificación docente.
- c. Informa-lo proxecto de regulamento de réxime interior do centro.
- d. Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.
- e. Elixi-los seus representantes no Consello Escolar do centro e na Comisión de Selección de director prevista no artigo 88 desta Lei.
- f. Coordina-las funcións referentes á orientación, tutoría, avaliación e recuperación dos alumnos.
- g. Analizar e valora-lo funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados da avaliación que do centro realice a Administración educativa, así como calquera outro informe referente á marcha do mesmo.
- h. Ser informado polo director da aplicación do réxime disciplinario do centro.
- i. Ser informado da proposta á Administración educativa do nomeamento e cese dos membros do equipo directivo.
- k. Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.
- l. Calquera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa.

#### Sección IV. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN.

Artigo 85. Órganos de coordinación docente.

- 1. Nos Institutos de Educación Secundaria existirán departamentos de coordinación didáctica, que se encargarán da organización e desenvolvemento das ensinanzas propias das materias ou módulos que se lles encomenden. Cada departamento de coordinación didáctica estará constituído polos profesores das especialidades que impartan as ensinanzas das materias ou módulos asignados ó mesmo.

2. As Administracións educativas poderán establecer outros órganos de coordinación ademais dos sinalados, con carácter xeral, no apartado anterior.
3. A xefatura de cada departamento será desempeñada por un funcionario do Corpo de catedráticos de ensinanza secundaria, titular dalgunha das especialidades integradas nos respectivos departamentos. En ausencia, nos respectivos centros, de funcionarios do corpo de catedráticos mencionado no párrafo anterior, a xefatura dos Departamentos de Coordinación Didáctica poderá atribuírse a un profesor funcionario pertencente ó Corpo de profesores de ensinanza secundaria.
4. Nos departamentos dos centros públicos nos que se impartan ensinanzas de réxime especial, adaptarase o establecido anteriormente ás súas características específicas.

## CAPÍTULO VI.

### DA SELECCIÓN E NOMEAMENTO DO DIRECTOR DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS.

#### Artigo 86. Principios xerais.

1. A selección e nomeamento de directores dos centros públicos efectuarase mediante concurso de méritos entre profesores funcionarios de carreira dos corpos do nivel educativo e réxime a que pertenza o centro.
2. A selección realizarase de conformidade cos principios de publicidade, mérito e capacidade.

#### Artigo 87. Requisitos.

- a. Serán requisitos para poder participar no concurso de méritos os seguintes:
- b. Ter unha antigüidade de, polo menos, cinco anos no corpo da función pública docente desde o que se opta.
- c. Ter impartido docencia directa na aula como funcionario de carreira, durante un período de igual duración, nun centro público que imparta ensinanzas do mesmo nivel e réxime.

d. Estar prestando servicios nun centro público do nivel e réxime correspondentes, cunha antigüidade no mesmo de, polo menos, un curso completo ó publicarse a convocatoria, no ámbito da Administración educativa convocante.

#### Artigo 88. Procedemento de selección.

1. Para a designación dos directores nos centros públicos, as Administracións educativas convocarán concurso de méritos.
2. A selección será realizada por unha comisión constituída por representantes das Administracións educativas e, polo menos, nun 30 % por representantes do centro correspondente. Destes últimos, polo menos o 50 % serán do Claustro de Profesores de dito centro.
3. A selección basearase nos méritos académicos e profesionais acreditados polos aspirantes, e na experiencia e valoración positiva do traballo previo desenvolvido como cargo directivo e do labor docente realizado como profesor. Valorarase de forma especial a experiencia previa no exercicio da dirección.
4. As Administracións educativas determinarán o número total de vocais das comisións e a proporción entre os representantes da administración e dos centros. Así mesmo, establecerán os criterios obxectivos e os procedementos aplicables á correspondente selección.

#### Artigo 89. Nomeamento.

1. Os aspirantes seleccionados deberán superar un programa de formación inicial, organizado polas Administracións educativas, consistente nun curso teórico de formación relacionado coas tarefas atribuídas á función directiva e nun período de prácticas. Os aspirantes seleccionados que teñan adquirida a categoría de director a que se refire o apartado 3 deste artigo, estarán exentos da realización do programa de formación inicial.
2. A Administración educativa nomeará director do centro que corresponda, por un período de tres anos, ó aspirante que teña superado este programa.
3. Os directores así nomeados serán avaliados ó longo dos tres anos. Os que obtivesen avaliación positiva, adquirirán a categoría de director para os centros públicos do nivel educativo e réxime do que se trate. Dita categoría surtirá efectos no ámbito de tódalas Administracións educativas.

## Artigo 90. Duración do mandato.

O nomeamento dos directores poderá renovarse, por períodos de igual duración, previa avaliación positiva do traballo desenvolvido ó remate dos mesmos. As Administracións educativas poderán fixar un límite máximo para a renovación dos mandatos.

## Artigo 91. Nomeamento con carácter extraordinario.

1. En ausencia de candidatos ou cando a comisión correspondente non teña seleccionado ningún aspirante, a Administración educativa nomeará director, por un período de tres anos, a un profesor funcionario de algún dos niveis educativos e réxime dos que imparta o centro de que se trate, que reúna, polo menos, os seguintes requisitos:

- a. Ter unha antigüidade de polo menos cinco anos no corpo da función pública docente de procedencia.
- b. Ter sido profesor, durante un período de cinco anos, nun centro público que imparta ensinanzas do mesmo nivel e réxime.

2. No caso de centros de nova creación, estarase ó disposto no apartado 1 deste artigo. Nestes centros, a duración do mandato de tódolos órganos de Goberno será de tres anos.

3. Nos centros específicos de educación infantil, nos incompletos de educación primaria, nos de educación secundaria con menos de oito unidades e nos que impartan ensinanzas artísticas, de idiomas ou as dirixidas a persoas adultas con menos de oito profesores, as Administracións educativas poderán eximi-los candidatos de cumprir-los requisitos establecidos no apartado 1 deste artigo.

## Artigo 92. Apoio ó exercicio da función directiva.

1. As Administracións educativas favorecerán o exercicio da función directiva nos centros docentes, dotando ós directores da necesaria autonomía de xestión para impulsar e desenvolve-los proxectos de mellora da calidade.

2. Así mesmo, organizarán cursos de formación de directivos que actualicen os seus coñecementos técnicos e profesionais, ós que periodicamente deberá acudi-lo director e o resto do equipo directivo.

3. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte poderá colaborar coas Administracións educativas mediante a oferta periódica de plans de formación que promovan a calidade da función directiva.

4. Co obxecto de facilita-lo exercicio das súas funcións, as Administracións educativas promoverán procedementos para eximir, total ou parcialmente, ó equipo directivo e, especialmente, ó director da docencia directa en función das características do centro.

Artigo 93. Cese do director.

1. O cese do director producirase nos seguintes supostos:

a. Finalización do período para o que foi nomeado e, no seu caso, da prórroga do mesmo.

b. Renuncia motivada aceptada pola Administración educativa.

c. Incapacidade física ou psíquica.

d. Revogación motivada pola Administración educativa competente por incumprimento grave das funcións inherentes ó cargo de director, previa audiencia ó interesado. Neste caso, o profesor non poderá participar en ningún concurso de selección de directores durante o período de tempo que determine a Administración educativa.

2. O director, finalizado o período do seu mandato, incluídas as posibles prórrogas, deberá participar de novo nun concurso de méritos para volver desempeña-la función directiva.

Artigo 94. Recoñecemento da función directiva.

1. O exercicio de cargos directivos e, en especial, do cargo de director, será retribuído de forma diferenciada, en consideración á responsabilidade e dedicación esixidas, de acordo coas contías que para os complementos establecidos ó efecto fixen as Administracións educativas.

2. Así mesmo, o exercicio de cargos directivos, e, en todo caso, do cargo de director será especialmente valorado ós efectos da provisión de postos de traballo na función pública docente, así como para outros fins de carácter profesional, dentro do ámbito docente, que establezan as Administracións educativas.

3. Os directores dos centros públicos que exercesen o seu cargo con valoración positiva durante o período de tempo que cada Administración educativa determine, manterán, mentres permanezan en situación de activo, a percepción do complemento retributivo correspondente na proporción, condicións e requisitos que determinen as Administracións educativas. En todo caso, terase en conta a estes efectos o número de anos de exercicio do cargo de director.

## TÍTULO VI.

### DA AVALIACIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO.

Artigo 95. Ámbito da avaliación.

A avaliación estenderase a todo o ámbito educativo regulado nesta Lei, e aplicarase sobre os procesos de aprendizaxe dos alumnos, os procesos educativos, a actividade do profesorado, os centros docentes, a inspección de educación e a propia Administración educativa.

Artigo 96. Instituto Nacional de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.

1. A avaliación xeral do sistema educativo realizarase polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a través do Instituto Nacional de Calidade e Avaliación, que pasa a denominarse Instituto Nacional de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, sen prexuízo da avaliación que as Administracións educativas das Comunidades Autónomas poidan realizar nos seus ámbitos respectivos.

2. O Goberno, previa consulta ás Comunidades Autónomas, determinará a estrutura e funcións deste Instituto, garantindo a participación das Administracións educativas no mesmo.

Artigo 97. Avaliacións xerais de diagnóstico.

1. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a través do Instituto Nacional de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, en colaboración coas Comunidades Autónomas, e no marco da avaliación xeral do sistema educativo que lle compete, elaborará avaliacións xerais de diagnóstico sobre áreas e materias. Estas avaliacións realizaranse, en todo caso, na educación primaria e a educación secundaria obrigatoria, e versarán sobre competencias básicas do currículo.

2. As Administracións educativas participarán nas avaliacións xerais de diagnóstico do sistema educativo e nas avaliacións internacionais nas que tome parte o Estado español, mediante as actuacións que sexan necesarias nos seus respectivos centros.

3. O Goberno, previa consulta ás Comunidades Autónomas, aprobará a normativa básica aplicable para o desenvolvemento da avaliación á que se refire o apartado 1 deste artigo, ós efectos de que esta se produza con criterios de homoxeneidade.

4. As Administracións educativas desenvolverán, executarán e controlarán as avaliacións no ámbito das súas respectivas competencias.

#### Artigo 98. Sistema Estatal de Indicadores da Educación.

1. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, oídas as Comunidades Autónomas, a través do Instituto Nacional de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, elaborará periodicamente o Sistema Estatal de Indicadores da Educación, que contribuirá a orientar a toma de decisións na ensinanza, tanto das institucións educativas como das Administracións, os alumnos ou as familias.

2. Ós efectos da elaboración deste sistema de indicadores, as Administracións educativas colaborarán co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, facilitando a información que lles sexa requirida.

#### Artigo 99. Plan de Avaliación Xeral do Sistema.

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, previa consulta ás Comunidades Autónomas, elaborará periodicamente un Plan de Avaliación Xeral do Sistema no que se determinarán as prioridades e obxectivos que o Instituto deberá desenvolver nas súas avaliacións. Este plan conterá os criterios e procedementos de avaliación, que se farán públicos con carácter previo.

#### Artigo 100. Publicación dos resultados das avaliacións.

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte fará públicas periodicamente as conclusións de interese xeral das avaliacións do sistema educativo efectuadas polo Instituto Nacional de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo e dará a coñecer os resultados da aplicación do Sistema Estatal de Indicadores da Educación.

Artigo 101. Outros plans de avaliación.

1. A Administración educativa correspondente elaborará e poñerá en marcha plans de avaliación que serán aplicados con periodicidade ós centros docentes sostidos con fondos públicos.
2. Os órganos de goberno e os órganos de participación no control e xestión así como os distintos sectores da comunidade educativa colaborarán na avaliación externa dos centros.
3. As Administracións educativas informarán á comunidade educativa e farán públicos os criterios e procedementos que se utilicen para a avaliación dos centros, así como as conclusións xerais que en ditas avaliacións se obteñan. Así mesmo, comunicaráselle ó Claustro de Profesores e ó Consello Escolar as conclusións da avaliación correspondentes ó seu centro. A avaliación dos centros deberá ter en conta o contorno social e económico dos mesmos e os recursos de que dispoñen, e efectuarase sobre os procesos e sobre os resultados obtidos, tanto no relativo a organización, xestión e funcionamento, como ó conxunto das actividades de ensinanza e aprendizaxe. As Administracións educativas colaborarán cos centros para resolve-los problemas detectados na avaliación realizada proporcionando os apoios necesarios.
4. Ademais da avaliación externa, os centros avaliarán o seu propio funcionamento ó final de cada curso, de acordo co preceptuado pola Administración educativa.

## TÍTULO VII.

### DA INSPECCIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO.

Artigo 102. Inspección do sistema educativo.

1. É competencia e responsabilidade dos poderes públicos a inspección do sistema educativo.
2. As Administracións públicas competentes exercerán a inspección educativa dentro do respectivo ámbito territorial e de conformidade coas normas básicas que regulan esta materia. O exercicio da función inspectora realizarase sobre tódolos elementos e aspectos do sistema educativo, a fin de asegura-lo cumprimento das leis, a garantía dos dereitos e a observancia



dos deberes de cantos participan nos procesos de ensinanza e aprendizaxe, a mellora do sistema educativo e a calidade da ensinanza.

## CAPÍTULO I. DA ALTA INSPECCIÓN.

### Artigo 103. Ámbito.

Corresponde ó Estado a Alta Inspección educativa, para garanti-lo cumprimento das facultades que lle están atribuídas en materia de ensinanza nas Comunidades Autónomas, a observancia dos principios e normas constitucionais aplicables e demais normas básicas que desenvolven o artigo 27 da Constitución.

### Artigo 104. Competencias.

1. No exercicio das funcións que están atribuídas ó Estado, corresponde á Alta Inspección:

- a. Comprobar que os currículos, así como os libros de texto e demais material didáctico se adecúan ás ensinanzas comúns.
- b. Comprobar que as ensinanzas comúns se imparten con observancia do disposto polo ordenamento estatal sobre estas materias obrigatorias básicas dos respectivos currículos.
- c. Comproba-lo cumprimento dos requisitos establecidos polo Estado na ordenación xeral do sistema educativo en canto a niveis, modalidades, etapas, ciclos e especialidades de ensinanza, así como en canto ó número de cursos que en cada caso corresponda. Así mesmo, a comprobación da duración da escolaridade obrigatoria, dos requisitos de acceso dun nivel de ensinanza a outro, das condicións de obtención dos títulos correspondentes e dos efectos académicos ou profesionais dos mesmos.
- d. Verificar que os estudos cursados se adecúan ó establecido na lexislación do Estado, a efectos da expedición de títulos académicos e profesionais válidos en todo o territorio español.
- e. Comproba-lo cumprimento do disposto na normativa sobre as características da documentación administrativa específica que se estableza con carácter básico para cada nivel de ensinanza.

f. Velar polo cumprimento das condicións básicas que garantan a igualdade de tódolos españois no exercicio dos seus dereitos e deberes en materia de educación, así como dos seus dereitos lingüísticos e, en particular, o de recibir ensinanza na lingua oficial do Estado, de acordo coas disposicións aplicables.

g. Verifica-la adecuación do outorgamento das subvencións e bolsas a que fai referencia o artigo 4 desta Lei ós criterios xerais que establezan as disposicións do Estado, así como elevar, no seu caso, informes ós órganos competentes en relación cos investimentos en construcións, instalacións, equipos escolares e gastos correntes en materia de dotacións e retribucións de persoal.

h. Recada-la información necesaria para a elaboración das estatísticas educativas para fins estatais, sen prexuízo das atribucións conferidas ós servicios estatísticos do Departamento, especialmente na Lei da Función Pública Estatística.

i. Elevar ás autoridades do Estado unha memoria anual sobre a ensinanza nas respectivas Comunidades Autónomas.

2. No exercicio das funcións de alta inspección, os funcionarios da Administración Xeral do Estado gozarán da consideración de autoridade pública a tódolos efectos, podendo recadar nas súas actuacións a colaboración necesaria das autoridades do Estado e das Comunidades Autónomas para o cumprimento das funcións que lles estean encomendadas.

## CAPÍTULO II.

### DA INSPECCIÓN EDUCATIVA.

#### Artigo 105. Funcións.

1. Son funcións da inspección educativa.

a. Controlar e supervisar, desde o punto de vista pedagóxico e organizativo, o funcionamento dos centros educativos, tanto de titularidade pública como privada.

b. Supervisa-la práctica docente e colaborar na súa mellora continua e na do funcionamento dos centros, así como nos procesos de reforma educativa e de renovación pedagóxica.

c. Participar na avaliación do sistema educativo, especialmente na que corresponde ós centros escolares, á función directiva e á función docente, a través da análise da organización, funcionamento e resultados dos mesmos.

d. Mirar polo cumprimento, nos centros educativos, das leis, regulamentos e demais disposicións vixentes que afecten ó sistema educativo.

e. Asesorar, orientar e informar ós distintos sectores da comunidade educativa no exercicio dos seus dereitos e no cumprimento das súas obrigacións.

f. Informar sobre os programas e actividades de carácter educativo promovidos ou autorizados polas Administracións educativas competentes, así como sobre calquera aspecto relacionado coa ensinanza que lle sexa requirido pola autoridade competente ou que coñeza no exercicio das súas funcións, a través das canles regulamentarias.

2. Para o correcto exercicio das funcións anteriores, os inspectores de Educación terán as seguintes atribucións:

a. Coñecer directamente tódalas actividades que se realicen nos centros, ós cales terán libre acceso.

b. Examinar e comproba-la documentación pedagóxica e administrativa dos centros.

c. Recibir dos restantes funcionarios a necesaria colaboración para o desenvolvemento das súas actividades, para as cales o inspector terá a consideración de autoridade pública.

Artigo 106. Organización da inspección educativa.

1. O Goberno, previa consulta ás Comunidades Autónomas, establecerá as especialidades básicas de inspección educativa, tendo en conta, en todo caso, os diferentes niveis educativos e especialidades docentes.

2. As Administracións educativas, de acordo coas súas competencias, poderán desenvolve-las especialidades a que se refire o apartado anterior e regularán a estrutura e o funcionamento dos órganos que se establezan para o desempeño da inspección educativa nos seus respectivos territorios.

3. O acceso ó Corpo de inspectores de educación e a provisión de postos de traballo mediante concursos de traslados de ámbito nacional desenvolverase a través das especialidades a que se refire o apartado 1 deste artigo.

Artigo 107. Formación dos inspectores de educación.

1. O perfeccionamento e actualización no exercicio profesional é un dereito e un deber dos inspectores de educación.

2. A formación dos inspectores de educación levarase a cabo polas distintas Administracións educativas, en colaboración, preferentemente, coas universidades e institucións superiores de formación do profesorado.

3. Ós efectos dos concursos de traslados de ámbito nacional e do recoñecemento da mobilidade entre os corpos docentes, previstos na disposición adicional oitava desta lei, as actividades de formación organizadas por calquera das Administracións educativas surtirán os seus efectos en todo o territorio nacional, previo cumprimento das condicións e requisitos básicos que o Goberno estableza, unha vez consultadas as Comunidades Autónomas.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.** Do calendario de aplicación da Lei.

O Goberno, previa consulta ás Comunidades Autónomas, aprobará o calendario de aplicación desta Lei, que terá un ámbito temporal de cinco anos, a partir da entrada en vigor da mesma. En dito calendario establecerase a extinción gradual do plan de estudos das ensinanzas de idiomas en vigor, a implantación dos currículos correspondentes, así como as equivalencias a efectos académicos dos anos cursados segundo o plan de estudos que se extingue. Así mesmo, regularase a implantación das ensinanzas de réxime xeral e as equivalencias dos títulos afectados por esta Lei.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.** Da área ou materia de sociedade, cultura e relixión.

1. A área ou materia de sociedade, cultura e relixión comprenderá dúas opcións de desenvolvemento: Unha, de carácter confesional, acorde coa confesión pola que opten os pais ou, no seu caso, os alumnos, entre aquelas

que teñan subscritos co Estado acordos sobre a súa ensinanza; outra, de carácter non confesional. Ámbalas dúas opcións serán de oferta obrigatoria polos centros, debendo elixirlos alumnos unha delas.

2. A ensinanza confesional da relixión axustarase ó establecido no Acordo sobre ensinanza e asuntos culturais subscrito entre a Santa Sede e o Estado español e, no seu caso, ó disposto naqueles outros subscritos, ou que puidesen subscribirse, con outras confesións relixiosas.

3. O Goberno fixará as ensinanzas comúns correspondentes á opción non confesional. A determinación do currículo da opción confesional será competencia das correspondentes autoridades relixiosas. As decisións sobre utilización de libros de texto e materiais didácticos e, no seu caso, a supervisión e aprobación dos mesmos corresponden ás autoridades relixiosas respectivas, de conformidade co establecido nos Acordos subscritos co Estado español.

4. Os profesores que, non pertencendo ós Corpos de Funcionarios Docentes, impartan a ensinanza confesional de Relixión nos centros públicos nos que se desenvolvan as ensinanzas reguladas na presente Lei, farano en réxime de contratación laboral, de duración determinada e coincidente co curso escolar, a tempo completo ou parcial. Estes profesores percibirán as retribucións que correspondan no respectivo nivel educativo ós profesores interinos.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA.** Dos libros de texto e demais materiais curriculares.

1. Corresponde á autonomía pedagóxica dos centros educativos adoptar os libros de texto e demais materiais que deban de utilizarse no desenvolvemento das diversas ensinanzas. Os órganos de coordinación didáctica dos centros públicos elixirán os libros de texto e demais materiais curriculares, sen que a edición e a adopción requiran a previa autorización da Administración educativa. As Administracións educativas determinarán a intervención que, no proceso interno de adopción dos libros e demais materiais curriculares, corresponde a outros órganos do centro.

2. Os libros de texto e demais materiais a que se refire o apartado anterior deberán reflectir e fomentar o respecto polos principios, valores, liberdades, dereitos e deberes constitucionais ós que ha de axustarse toda a actividade educativa.

3. A supervisión dos libros de texto e outros materiais curriculares constituirá parte do proceso ordinario de inspección que exerce a Administración educativa sobre a totalidade de elementos que integran o proceso de ensinanza e aprendizaxe. A vulneración dos principios e valores contidos na Constitución dará lugar á imposición das sancións administrativas que, en desenvolvemento do disposto neste apartado, as Administracións educativas establezan.

4. Con carácter xeral, os libros de texto e materiais curriculares adoptados non poderán ser substituídos por outros durante un período mínimo de catro anos. Excepcionalmente, cando a programación docente o requira, as Administracións educativas poderán autorizar a modificación do prazo anteriormente establecido.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA. Do calendario escolar.

1. O calendario escolar, que fixarán anualmente as Administracións educativas, comprenderá un mínimo de 175 días lectivos para as ensinanzas obrigatorias. O Goberno establecerá o mínimo de días lectivos para o resto das ensinanzas. En todo caso, no cómputo non se incluírán os días dedicados a probas finais.

2. En ningún caso o inicio do curso escolar se producirá antes do un de setembro nin o final das actividades lectivas despois do trinta de xuño de cada ano académico, agás para a ensinanza de adultos e para o desenvolvemento da formación en centros de traballo, cando por razóns de estacionalidade da actividade das empresas así se esixa.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA. Sobre a admisión de alumnos nos centros sostidos con fondos públicos en caso de non existir prazas suficientes.

1. Nos procedementos de admisión de alumnos en centros sostidos con fondos públicos que impartan educación primaria ou educación secundaria obrigatoria ou bacharelato, cando non existan prazas suficientes, terán prioridade aqueles alumnos que procedan dos centros de educación infantil ou de educación secundaria obrigatoria, respectivamente, que teñan adscritos, sempre que ditas ensinanzas estean sostidas con fondos públicos.

2. Corresponde ás Administracións educativas establece-lo procedemento e condicións para a adscrición de centros a que se refire o apartado anterior, respectando, en todo caso, o dereito á libre elección de centro.

3. Na admisión inicial que establece o artigo 72.2 ou na debida ó cambio de centro, os criterios para a admisión de alumnos nos centros sostidos con fondos públicos, cando non existan prazas suficientes, serán de aplicación de acordo coa regulación da Administración educativa competente.

Rexeranse polos seguintes criterios prioritarios: renda per cápita da unidade familiar, proximidade do domicilio, existencia de irmáns matriculados no centro, concorrencia de discapacidade no alumno ou nalgún dos seus pais ou irmáns e condición legal de familia numerosa. Así mesmo, considerarase criterio prioritario a concorrencia no alumno de enfermidade crónica que afecte ó sistema dixestivo, endócrino ou metabólico e esixa como tratamento esencial o seguimento dunha dieta complexa e un estricto control alimenticio, o cumprimento do cal condicione de forma determinante o estado de saúde física do alumno. Para as ensinanzas non obrigatorias poderase considerar ademais o expediente académico.

4. Os centros de especialización curricular a que se refire o artigo 66 desta Lei poderán incluír, como criterios complementarios, outros que respondan ás características propias da súa oferta educativa, de acordo co que estableza a Administración educativa correspondente.

5. Nos procedementos de admisión de alumnos en centros sostidos con fondos públicos que impartan as ensinanzas de grao superior de formación profesional, cando non existan prazas suficientes, terán prioridade aqueles que teñan cursado a modalidade de bacharelato que, en cada caso, se determine ou aqueles que accedan a estas ensinanzas a través da proba establecida no artigo 38 desta Lei. Unha vez aplicados os anteriores criterios, atenderase ó expediente académico dos alumnos.

6. Nos procedementos de admisión de alumnos en centros sostidos con fondos públicos que impartan as ensinanzas de grao medio de formación profesional, cando non existan prazas suficientes, aplicaranse os criterios previstos no apartado 3 desta disposición adicional quinta. Unha vez aplicados os anteriores criterios, atenderase ó expediente académico dos alumnos.

7. Aqueles alumnos que cursen simultaneamente ensinanzas regradas de música ou danza e ensinanzas de réxime xeral terán prioridade para ser admitidos nos centros que impartan ensinanzas de réxime xeral que a Administración educativa determine.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA. Dos centros que estean autorizados para impartilo primeiro ciclo de educación infantil.

Os centros docentes privados que á entrada en vigor da presente Lei estivesen autorizados para impartilo primeiro ciclo da educación infantil quedarán automaticamente autorizados para impartila educación preescolar establecida nesta Lei.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SÉTIMA. Dos centros autorizados para impartila modalidade de Ciencias da Natureza e da Saúde e a modalidade de Tecnoloxía no bacharelato.

Os centros docentes privados de bacharelato que á entrada en vigor da presente Lei impartan a modalidade de Ciencias da Natureza e da Saúde, a modalidade de Tecnoloxía, ou ambas, quedarán automaticamente autorizados para impartila modalidade de Ciencias e Tecnoloxía, establecida nesta Lei.

DISPOSICIÓN ADICIONAL OITAVA. Bases do réxime estatutario da función pública docente.

1. Son bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos docentes, ademais das recollidas na Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, modificada pola Lei 23/1988, de 28 de xuño, e as establecidas pola Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, as reguladas por esta Lei e polas normas citadas para o ingreso, a mobilidade entre os corpos docentes, a reordenación dos corpos e escalas, a provisión de postos mediante concurso de traslados de ámbito nacional e a adquisición da categoría de director. O Goberno desenvolverá regulamentariamente ditas bases naqueles aspectos que sexan necesarios para garanti-lo marco común básico da función pública docente.
2. As Comunidades Autónomas ordenarán a súa función pública docente no marco das súas competencias, respectando, en todo caso, as normas básicas ás que se fai referencia no apartado anterior.
3. Periodicamente, as Administracións educativas convocarán concursos de traslado de ámbito nacional, a efectos de proceder á provisión das prazas



vacantes que determinen nos centros docentes de ensinanza dependentes de aquelas, así como para garanti-la posible concorrencia dos funcionarios do seu ámbito de xestión a prazas doutras Administracións educativas e, no seu caso, se procede, a adxudicación de aquelas que resulten do propio concurso. Nestes concursos poderán participar tódolos funcionarios públicos docentes, calquera que sexa a Administración educativa da que dependan ou pola que ingresasen, sempre que reúnan os requisitos xerais e os específicos que, de acordo coas respectivas relacións de postos de traballo, establezan ditas convocatorias.

Estas faranse públicas a través do Boletín Oficial do Estado e dos Boletíns Oficiais das Comunidades Autónomas convocantes. Incluirán un único baremo de méritos, entre os que se terán en conta os cursos de formación e perfeccionamento superados, os méritos académicos e profesionais, a antigüidade e, no seu caso, estar en posesión da categoría de director.

4. Non obstante, a provisión de prazas por funcionarios docentes nos centros superiores de ensanzas artísticas realizarase por concurso específico, de acordo co que determinen as Administracións educativas.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL NOVENA.** Creación dos corpos de catedráticos de ensinanza secundaria, de catedráticos de escolas oficiais de idiomas e de catedráticos de artes plásticas e deseño.

1. Créanse o Corpo de catedráticos de ensinanza secundaria, o Corpo de catedráticos de escolas oficiais de idiomas e o Corpo de catedráticos de artes plásticas e deseño, que quedarán clasificados no grupo A dos que establece o artigo 25 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.

2. Intégranse no corpo de catedráticos de ensinanza secundaria os funcionarios pertencentes ó corpo de profesores de ensinanza secundaria que teñan recoñecida a condición de catedrático.

Estes funcionarios incorporaranse coa antigüidade que tivesen na condición de catedrático e respectaránselle-los dereitos de que viñesen gozando no momento de facerse efectiva a súa integración no corpo de catedráticos de ensinanza secundaria, incluídos os dereitos económicos que o apartado 5 da disposición adicional décima da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, recoñece ós funcionarios procedentes do Corpo de catedráticos numerarios de bacharelato.

3. Intégranse no Corpo de catedráticos de escolas oficiais de idiomas os funcionarios pertencentes ó Corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas que teñan recoñecida a condición de catedrático.

Estes funcionarios incorporaranse coa antigüidade que tivesen na condición de catedrático e respectaránselle-los dereitos de que viñesen gozando no momento de facerse efectiva a súa integración no Corpo de catedráticos de escolas oficiais de idiomas, incluídos os dereitos económicos que o apartado 3 da disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, recoñece ós funcionarios procedentes do Corpo de catedráticos numerarios de escolas oficiais de idiomas.

4. Intégranse no Corpo de catedráticos de artes plásticas e deseño os funcionarios pertencentes ó Corpo de profesores de artes plásticas e deseño que teñan recoñecida a condición de catedrático.

Estes funcionarios incorporaranse coa antigüidade que tivesen na condición de catedrático e respectaránselle-los dereitos de que viñesen gozando no momento de facerse efectiva a súa integración no Corpo de catedráticos de artes plásticas e deseño, incluídos os dereitos económicos que o apartado 2 da disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, recoñece ós funcionarios procedentes do Corpo de profesores numerarios de término das escolas de artes plásticas e oficios artísticos.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMA. Funcións dos corpos de catedráticos.

1. O corpo de catedráticos de ensinanza secundaria desempeñará as súas funcións na educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional.

2. O corpo de catedráticos de escolas oficiais de idiomas desempeñará as súas funcións nas escolas oficiais de idiomas.

3. O corpo de catedráticos de artes plásticas e deseño desempeñará as súas funcións nas escolas de artes plásticas e deseño.

4. Os catedráticos de ensinanza secundaria, os de escolas oficiais de idiomas e os de artes plásticas e deseño realizarán as funcións que se lles encomendan na presente Lei e as que regulamentariamente se determinen. En todo caso, especificamente atribúense ós funcionarios dos corpos de

catedráticos de ensinanza secundaria, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño, así como ós funcionarios do corpo de catedráticos de música e artes escénicas, ós que se refire a disposición adicional décimo cuarta.1.b da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, as seguintes funcións :

Con carácter exclusivo, e sen prexuízo do disposto no artigo 85.3 da presente Lei, o exercicio da xefatura dos departamentos de coordinación didáctica, así como, no seu caso, do departamento de orientación.

Con carácter preferente:

- a. A dirección de proxectos de innovación e investigación didáctica da propia especialidade que se realicen no centro.
  - b. A dirección da formación en prácticas dos profesores de novo ingreso que se incorporen ó departamento.
  - c. A coordinación dos programas de formación continua dos profesores que se desenvolvan dentro do departamento.
  - d. La presidencia, no seu caso, dos tribunais da proba xeral de bacharelato.
  - e. A presidencia dos tribunais de ingreso e acceso ós respectivos corpos de catedráticos.
5. A habilitación prevista na disposición adicional primeira da Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional, estenderase ós funcionarios dos corpos de catedráticos de ensinanza secundaria nas condicións e cos requisitos establecidos en dita lei.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL UNDÉCIMA. Carreira docente.

1. O sistema de ingreso na función pública docente será o de concurso-oposición convocado polas respectivas Administracións educativas. Na fase de concurso valoraranse, entre outros méritos, a formación académica e a experiencia docente previa. Na fase de oposición teranse en conta a posesión de coñecementos específicos necesarios para impartila docencia, a aptitude pedagóxica e o dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente. As probas convocaranse, segundo corresponda, de acordo coas áreas, materias e módulos que integran o currículo correspondente. Para a selección dos aspirantes terase en conta a valoración de ambas fases do

concurso-oposición, sen prexuízo da superación das probas correspondentes.

O número de aprobados non poderá supera-lo número de prazas convocadas. Así mesmo, existirá unha fase de prácticas, que poderá incluír cursos de formación, e constituirá parte do proceso selectivo.

Para o ingreso nos corpos de catedráticos de ensinanza secundaria, de catedráticos de escolas oficiais de idiomas, de catedráticos de música e artes escénicas e de catedráticos de artes plásticas e deseño será necesario estar en posesión do título de Doutor, Licenciado, Enxeñeiro ou Arquitecto, ademais do título de Especialización Didáctica a que se refire o artigo 58 desta Lei, e supera-lo correspondente proceso selectivo.

O Goberno, de acordo coas Comunidades Autónomas, establecerá as condicións para permiti-lo ingreso no corpo de catedráticos de música e artes escénicas, mediante concurso de méritos, a personalidades de recoñecido prestixio nos seus respectivos campos profesionais.

2. Nas convocatorias de ingreso nos corpos docentes que a continuación se indican reservárase unha porcentaxe das prazas que se convoquen para o acceso de funcionarios docentes, que deberán estar en posesión da titulación requirida para o ingreso nos correspondentes corpos e ter permanecido nos seus corpos de orixe un mínimo de seis anos como funcionarios de carreira.

Aqueles que accedan por este procedemento estarán exentos da realización da fase de prácticas e terán preferencia na elección dos destinos vacantes sobre os aspirantes que ingresen pola quenda libre da correspondente convocatoria.

Os funcionarios dos corpos docentes clasificados no grupo B a que se refire a vixente lexislación da función pública poderán acceder ós corpos de profesores de ensinanza secundaria e de profesores de artes plásticas e deseño. Nas convocatorias correspondentes para estes funcionarios valoráranse os méritos dos concursantes, entre os que se terán en conta o traballo desenvolvido e os cursos de formación e perfeccionamento superados, así como os méritos académicos. Así mesmo, realizarase unha proba, consistente na exposición e debate dun tema da especialidade á que se accede, para a superación da cal se atenderá tanto ós coñecementos sobre a materia como ós recursos didácticos e pedagóxicos dos candidatos.

Así mesmo, os funcionarios docentes dos corpos de profesores de ensinanza secundaria, de profesores de escolas oficiais de idiomas, de profesores de música e artes escénicas e de profesores de artes plásticas e deseño poderán acceder ós corpos de catedráticos de ensinanza secundaria, de catedráticos de escolas oficiais de idiomas, de catedráticos de música e artes escénicas e de catedráticos de artes plásticas e deseño, respectivamente.

Nas convocatorias correspondentes valoraranse os méritos relacionados coas actualizacións científica e didáctica, a participación en proxectos educativos e o labor docente dos candidatos. A avaliación da función docente será realizada pola inspección educativa. Así mesmo, realizarase unha proba oral ante un Tribunal, que constará de dous exercicios: o primeiro consistirá na exposición e debate sobre un tema da súa especialidade, elixido por sorteo, dun temario previamente fixado polo Goberno, e o segundo na presentación e debate dunha memoria elaborada polo candidato.

3. Para acceder ó Corpo de inspectores de educación será necesario pertencer a algún dos corpos que integran a función pública docente, cunha experiencia mínima docente de seis anos.

O sistema de ingreso no Corpo de inspectores de educación será o de concurso-oposición, que atenderá, en todo caso, ás especialidades que se establezan.

As Administracións educativas convocarán o concurso-oposición con suxeición ós seguintes criterios:

a. Na fase de concurso valorarase a traxectoria profesional dos candidatos e os seus méritos específicos como docentes. Entre estes méritos terase especialmente en conta a preparación científica e didáctica nas áreas, materias ou módulos dos que se impartiu ensinanza, o desempeño de cargos directivos, con avaliación positiva, e pertencer a calquera dos corpos de catedráticos das ensinanzas escolares.

b. Na fase de oposición valoraranse no aspirante os seus coñecementos pedagóxicos, de administración e lexislación educativa, así como os coñecementos e técnicas específicas para o desempeño das funcións inspectoras de control, avaliación e asesoramento. Igualmente valorarase a súa actualización científica e didáctica nas áreas ou materias das que impartiu ensinanza, así como o exercicio das actividades desenvolvidas no centro.

Os candidatos seleccionados mediante o concurso-oposición deberán realizar para a súa adecuada preparación un período de prácticas, ó finalizado cal serán nomeados funcionarios de carreira do Corpo de Inspectores de Educación. A organización das citadas prácticas corresponderá, en cada caso, á administración convocante.

4. Os funcionarios docentes a que se refire esta Lei e a Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, poderán, así mesmo, acceder a un corpo do mesmo grupo e nivel de complemento de destino, sen limitación de antigüidade, sempre que posúan a titulación esixida e superen o correspondente proceso selectivo. A este efecto terase en conta a súa experiencia docente e as probas que no seu día superaron, quedando exentos da realización da fase de prácticas.

Estes funcionarios, cando accedan a un corpo -ó tempo que outros funcionarios pola quenda libre ou por algunha das quendas previstas nesta disposición- terán prioridade para a elección de destino.

5. O Goberno e as Comunidades Autónomas fomentarán Convenios coas universidades que faciliten a incorporación ós Departamentos universitarios dos profesores dos corpos docentes de niveis correspondentes ás ensinanzas escolares, no marco da disposición adicional vixésimo sétima da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades.

6. A Administración do Estado e as Comunidades Autónomas, no marco da Conferencia de Educación, impulsarán o estudo e a implantación, no seu caso, de medidas destinadas ó desenvolvemento da carreira profesional dos funcionarios docentes.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL DUODÉCIMA. Do título profesional de Especialización Didáctica.

1. A esixencia de estar en posesión do título de Especialización Didáctica para o acceso á función pública docente, e para poder exercer como profesor en prácticas, interpretarase nos termos do artigo 58.4 da presente Lei.

2. Para o ingreso nos corpos de profesores de música e artes escénicas, de profesores de escolas oficiais de idiomas, de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres de taller de artes plásticas e deseño requirirase estar en

posesión do título de Especialización Didáctica que se establece no artigo 58 desta Lei, así como supera-lo correspondente proceso selectivo.

3. Para exercer a docencia das ensinanzas escolares de réxime especial será necesario estar en posesión do título de Licenciado, Enxeñeiro, Arquitecto, ou titulación equivalente, a efectos de docencia, e do título de Especialización Didáctica a que se refire o artigo 58 desta Lei.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO TERCEIRA. Concertación dos Programas de Iniciación Profesional.

As Administracións educativas concertarán os Programas de Iniciación Profesional que, conforme ó previsto na presente Lei, os centros concertados de educación secundaria obrigatoria impartan ós seus alumnos.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO CUARTA. Centros integrados de formación profesional.

O nomeamento da dirección dos centros integrados de formación profesional axustarase ó previsto no artigo 11.5 da Lei Orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das Cualificacións e da Formación Profesional.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO QUINTA. Da información de carácter tributario.

A información de carácter tributario que se precisa para a acreditación das condicións económicas ás que se refiren o artigo 4.1 e a disposición adicional quinta, apartado terceiro, será subministrada directamente pola Axencia Estatal de Administración Tributaria á Administración educativa, por medios informáticos ou telemáticos, no marco de colaboración que se estableza nos termos e cos requisitos a que se refire a disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e outras normas tributarias, e as disposicións que a desenvolven.

Na medida na que a través do indicado marco de colaboración se poida dispoñer de dita información, non se lles esixirá ós interesados que aporten individualmente certificacións expedidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, nin a presentación, en orixinal, copia ou certificación, das súas declaracións tributarias. Nestes supostos, o certificado será substituído por declaración responsable do interesado de

que cumpre as obrigacións sinaladas, así como autorización expresa do mesmo para que a Axencia Estatal de Administración Tributaria subministre a información á Administración educativa.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO SEXTA. Participación dos directores.

As Administracións educativas poderán favorecer a participación dos directores de centros sostidos con fondos públicos en órganos de carácter consultivo e participativo.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO SÉTIMA. Dobre titulación.

O Goberno poderá establecer convenios con outros Estados da Unión Europea para que determinados centros públicos poidan impartir as ensinanzas da educación primaria e secundaria cun currículo integrado que permita ó alumnado obter o título de Graduado en educación secundaria obrigatoria e o título de bacharelato e as titulacións equivalentes do Estado correspondente.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO OITAVA. Concertación da educación infantil.

En relación co disposto no artigo 11.2 da presente Lei, as Administracións educativas, no réxime de concertos a que se refire o artigo 75 da mesma, e tendo en conta o previsto no artigo 76.1, atenderán as solicitudes formuladas polos centros privados, dando preferencia, por esta orde, ás unidades que se soliciten para primeiro, segundo e terceiro curso da educación infantil.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL DÉCIMO NOVENA. Progresividade no acceso ó réxime de concertos.

O acceso dun centro ó réxime de concertos previsto no artigo 75 desta Lei poderá establecerse de forma progresiva desde as unidades dos cursos inferiores ata completar o número de unidades autorizadas cun prazo máximo non superior á duración do correspondente concerto.



DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA. Da duración do mandato dos órganos de goberno dos centros.

1. A duración do mandato do director e demais membros do equipo directivo dos centros públicos nomeados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei será a que corresponda á normativa vixente no momento do seu nomeamento.
2. As Administracións educativas poderán prorrogar, por un período máximo dun ano, o mandato dos directores e demais membros do equipo directivo dos centros públicos, dos que se produza a súa finalización no ano natural de entrada en vigor da presente Lei.
3. O Consello Escolar dos centros docentes sostidos con fondos públicos constituído con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei continuará o seu mandato ata a finalización do mesmo, como órgano de participación no control e xestión do centro e coas atribucións establecidas nesta Lei e nas demais disposicións que permanezan vixentes. En todo caso, o Consello Escolar concluirá os procedementos iniciados no ámbito das competencias que tivese atribuídas con anterioridade á entrada en vigor desta Lei.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA. Da adaptación dos centros que imparten educación infantil.

1. Os centros que á entrada en vigor da presente Lei atenden a nenos menores de tres anos, e que non estean autorizados como centros de educación infantil, deberán adaptarse ós requisitos mínimos que o Goberno, previa consulta ás Comunidades Autónomas, estableza para os centros de educación preescolar. Na fixación dos requisitos mínimos establecerase o prazo de que dispoñerán os centros para realiza-la correspondente adaptación.
2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, os centros privados de educación infantil que non teñan autorización poderán obtela con suxeición ás normas específicas anteriores a esta Lei ata a aprobación dos requisitos mínimos correspondentes ós centros de educación preescolar.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA. Adquisición da categoría de director.

1. Os profesores acreditados para o exercicio da dirección dos centros docentes públicos que exercesen, con posterioridade a dita acreditación, o cargo de director durante un mínimo de tres anos con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, adquirirán a categoría de director.
2. Os profesores acreditados para o exercicio da dirección dos centros docentes públicos que estean exercendo a dirección no momento de entrada en vigor desta Lei, adquirirán a categoría de director unha vez transcorridos tres anos de dito exercicio, trala avaliación positiva do seu labor.
3. Os profesores acreditados para o exercicio da dirección dos centros docentes públicos que non exercesen como directores ou o fixesen durante un período inferior ó sinalado no apartado anterior, deberán segui-lo procedemento establecido no capítulo VI do Título V da presente Lei para a selección e nomeamento de director. En caso de ser seleccionados pola correspondente comisión, estarán exentos da realización da fase teórica da formación inicial.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA CUARTA. Mobilidade dos funcionarios dos corpos docentes.

En tanto non sexan desenvolvidas as normas relativas ós corpos de funcionarios docentes creados por esta Lei, a mobilidade dos funcionarios de ditos corpos mediante concursos de traslados axustarase á normativa vixente á entrada en vigor da presente Lei.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA QUINTA. Vixencia de normas regulamentarias.

Nas materias que, para a súa regulación, a presente Lei remite a posteriores disposicións regulamentarias, e mentres estas últimas non sexan dictadas, serán de aplicación, en cada caso, as normas deste rango ata agora vixentes.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEXTA. Transformación dos concertos.

1. Os centros privados que, á entrada en vigor da presente Lei, teñan concertadas as ensinanzas postobrigatorias, manterán o concerto para as ensinanzas equivalentes. O concerto destas ensinanzas terá o carácter de singular.
2. Sen prexuízo do sinalado no apartado anterior, a transformación dos concertos realizarase en función das características seguintes:

- Os concertos, convenios ou subvencións aplicables ós centros de primeiro ciclo de educación infantil ou a establecementos con autorización ou licenza para atender a nenos de ata tres anos referiranse ás ensinanzas de educación preescolar, unha vez se implanten estas ensinanzas.
- Os concertos, convenios ou subvencións aplicables ós centros de segundo ciclo de educación infantil referiranse a concertos de educación infantil, unha vez se implanten estas ensinanzas.
- Os concertos con centros de formación profesional específica de grao medio ou superior transformaranse en concertos de formación profesional de grao medio, de grao superior ou, no seu caso, de bacharelato.
- Os concertos de programas de garantía social transformaranse en concertos de programas de iniciación profesional ou de formación profesional de grao medio.
- Os concertos con centros de bacharelato transformaranse en concertos de bacharelato, de formación profesional de grao medio ou de grao superior.

3. A transformación dos concertos conforme ó sinalado no número anterior requirirá a autorización das ensinanzas para as que o titular do centro solicite dita transformación e producírase polo número de unidades que o centro tivese concertadas.

4. Na Lei de Orzamentos Xerais do Estado determinarase o importe máximo das cotas que os centros con concerto singular poderán percibir das familias.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA SÉTIMA.

1. Cando como consecuencia das transferencias ás Comunidades Autónomas do exercicio de competencias en materia de educación resultase necesaria a integración de redes que inclúan centros dependentes doutras Administracións, o persoal laboral fixo que realice funcións docentes en ditos centros poderá acceder ós corpos docentes regulados nesta Lei, a través dunha quenda especial establecida para dito persoal e convocado ó efecto polos respectivos Gobernos das Comunidades Autónomas, na forma

que determinen os Parlamentos Autonómicos, debendo respectarse, en todo caso, o establecido na normativa básica do Estado.

2. Os procedementos de ingreso a que fai referencia esta disposición só serán de aplicación durante un prazo de tres anos, a partir da entrada en vigor da presente Lei.

### DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA.

1. Quedan derogados o artigo 10.1 e a disposición adicional quinta da Lei 14/1970, de 4 de agosto, Xeral de Educación e de Financiamento da Reforma Educativa.

2. Queda derogada a Lei 29/1981, de 24 de xuño, de Clasificación das Escolas Oficiais de Idiomas e Ampliación dos Cadros do seu Profesorado.

3. Quedan derogados os artigos 4, 5.5, 6, 7.2.e, 9, 10, 11, 16, 20, 22, 47, 48, 49, 52.1, 53 y 57.d da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xuño, reguladora do Dereito á Educación.

4. Quedan derogados os capítulos I, II, III e V, do Título I; o capítulo II do Título II; o Título III, os artigos 3, 4, 5, 6, 31.1 y 2, 32, 39.3, 43.1, segundo párrafo, 55, 57, 58, 62, 66, e as disposicións adicionais segunda, novena, décima, apartado segundo, e décimo sexta da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.

5. Quedan derogados o capítulo II do Título I, Título II, Título III e os artigos 35, 36, 38.1, 39, 40, 41, 42 e 43 do Título IV e as disposicións adicionais segunda, terceira, quinta, sexta e oitava da Lei Orgánica 9/1995, de 20 de novembro, de Participación, Avaliación e Goberno dos Centros Docentes.

6. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto na presente Lei.

### DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. Modificacións da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xuño, reguladora do Dereito á Educación.

1. O artigo 27.3, segundo párrafo, da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xuño, reguladora do Dereito á Educación, queda redactado da seguinte maneira:

A programación específica de postos escolares de nova creación nos niveis gratuítos deberá ter en conta, en todo caso, a oferta existente de centros públicos e concertados.

2. O artigo 31.1.e da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xuño, reguladora do Dereito á Educación, queda redactado da seguinte maneira:

Os titulares dos centros privados, que serán designados a través das organizacións de titulares e empresariais de ensinanza máis representativas.

3. O artigo 54.1 e 2 de Lei Orgánica 8/1985, reguladora do dereito á Educación, queda redactado da seguinte maneira:

1. Os centros concertados terán, polo menos, os seguintes órganos:

a. Director.

b. Consello Escolar.

c. Claustro de Profesores.

2. As facultades do director serán:

a. Dirixir e coordinar tódalas actividades educativas do centro, de acordo coas disposicións vixentes, sen prexuízo das funcións do Consello Escolar do centro.

b. Exerce-la xefatura do persoal docente.

c. Convocar e presidi-los actos académicos e as reunións de tódolos órganos colexiados do centro.

d. Visa-las certificacións e documentos académicos do centro.

e. Executa-los acordos dos órganos colexiados no ámbito das súas facultades.

f. Resolve-los asuntos de carácter grave que acontezan no centro en materia de disciplina de alumnos.

g. Cantas outras facultades lle atribúa o Regulamento de réxime interior no ámbito académico.

4. O apartado 1 do artigo 56 da Lei Orgánica 8/1985, reguladora do Dereito á Educación, na redacción dada polo apartado 4 da disposición final primeira da Lei Orgánica 9/1995, de 20 de novembro, de Participación, Avaliación e Goberno dos Centros Docentes, queda redactado da seguinte maneira:

1. O Consello Escolar dos centros concertados estará constituído por:

- O director.
- Tres representantes do titular do centro.
- Catro representantes dos profesores.
- Catro representantes dos pais ou titores dos alumnos.
- Dous representantes dos alumnos, a partir do terceiro curso da educación secundaria obrigatoria.
- Un representante do persoal de administración e servicios.

Ademais, nos centros específicos de Educación Especial e naqueles que teñan aulas especializadas, formará parte tamén do Consello Escolar un representante do persoal de atención educativa complementaria.

As Administracións educativas regularán o procedemento para que un dos representantes dos pais no Consello Escolar sexa designado pola Asociación de Pais máis representativa no centro.

Así mesmo, os centros concertados que impartan formación profesional específica poderán incorporar ó seu Consello Escolar un representante do mundo da empresa, designado polas organizacións empresariais, de acordo co procedemento que as Administracións educativas establezan.

5. O artigo 57.f da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xuño, reguladora do Dereito á Educación, queda redactado da seguinte maneira:

f. Informa-la programación xeral do centro que, con carácter anual, aprobará o equipo directivo.

6. O artigo 58 da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xuño, reguladora do Dereito á Educación, queda redactado da seguinte maneira:

## Artigo 58.

Os alumnos participarán nas deliberacións e decisións do Consello Escolar do centro.

7. O artigo 59 de Lei Orgánica 8/1985, reguladora do dereito á Educación, queda redactado da seguinte maneira:

## Artigo 59.

1. O director dos centros concertados será designado previo acordo entre o titular e o Consello Escolar. O acordo do Consello Escolar do centro será adoptado por maioría absoluta dos seus membros.

2. En caso de desacordo, o director será designado polo Consello Escolar do centro de entre unha terna de profesores proposta polo titular. O acordo do Consello Escolar do centro será adoptado por maioría absoluta dos seus membros.

3. O mandato do director terá unha duración de tres anos.

4. O cese do director requirirá o acordo entre a titularidade e o Consello Escolar do centro.

## DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. Modificación da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.

1. O artigo 2.3 da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, modifícase engadindo un párrafo 1, coa seguinte redacción:

1 O desenvolvemento do espírito emprendedor.

2. O artigo 41.2 da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, queda redactado da seguinte maneira:

2. Os alumnos que rematasen o terceiro ciclo de grao medio das ensinanzas de música e danza obterán o título de Bacharel se superan as materias comúns do bacharelato e a correspondente Proba xeral de bacharelato.

3. Ó artigo 47 da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, engádenselle tres novos apartados, coa seguinte redacción:

2. Os alumnos que superen os ciclos formativos de Artes Plásticas e Deseño de grao medio e de grao superior recibirán, respectivamente, o título de Técnico e Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño na especialidade correspondente.

3. O título de Técnico de Artes Plásticas e Deseño permitirá o acceso directo á modalidade de Artes do bacharelato.

4. O título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño permitirá o acceso directo ós estudos universitarios que se determinen, tendo en conta a súa relación cos estudos de artes plásticas e deseño correspondentes.

4. O artigo 48.3 da Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, queda redactado da seguinte maneira:

3. Non obstante o previsto nos apartados anteriores, será posible acceder ós graos medios e superior destas ensinanzas sen cumpri-los requisitos académicos establecidos, sempre que o aspirante demostre ter tanto os coñecementos e aptitudes propios da etapa educativa anterior como as habilidades específicas necesarias para cursar con aproveitamento as ensinanzas correspondentes. Para acceder por esta vía ós ciclos formativos de grao superior requirirase ter vinte anos de idade ou estar en posesión do título de Técnico de Artes Plásticas e Deseño e ter dezoito anos de idade, en ambos casos cumpridos no ano natural de realización da proba.

#### DISPOSICIÓN FINAL TERCEIRA. Das referencias á condición de catedrático e ó termo ensinanzas comúns.

1. Quedan sen efecto tódalas referencias relativas á condición de catedrático incluídas na Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.

2. Tódalas referencias realizadas nas disposicións vixentes ó termo ensinanzas mínimas quedan substituídas polo termo ensinanzas comúns.



DISPOSICIÓN FINAL CUARTA. Modificación da Lei Orgánica 9/1995, de 20 de novembro, de Participación, Avaliación e Goberno dos Centros Docentes.

O artigo 2.1 da Lei Orgánica 9/1995, de 20 de novembro, de Participación, Avaliación e Goberno dos Centros Docentes, queda redactado da seguinte maneira:

1. A comunidade educativa participará nos centros a través do Consello Escolar. Os profesores farano tamén a través do Claustro.

DISPOSICIÓN FINAL QUINTA. Dos inspectores de educación.

As Administracións educativas adscribirán os inspectores de educación ás especialidades que se establezan en aplicación do artigo 106 desta Lei.

DISPOSICIÓN FINAL SEXTA. Do título competencial.

A presente Lei díctase ó amparo da competencia que corresponde ó Estado conforme ó artigo 149.1.1, 18 e 30 da Constitución.

DISPOSICIÓN FINAL SÉTIMA. Vixencia da Lei 12/1987, de 2 de xullo, sobre Establecemento da Gratuidade dos Estudos de Bacharelato, Formación Profesional e Artes Aplicadas e Oficios Artísticos nos centros públicos e a autonomía de xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.

Continuará en vigor, coas modificacións derivadas da presente Lei, a Lei 12/1987, de 2 de xullo, sobre establecemento da gratuidade dos estudos de bacharelato, formación profesional e artes aplicadas e oficios artísticos nos centros públicos e a autonomía de xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.

DISPOSICIÓN FINAL OITAVA. Da Alta Inspección.

O Goberno regulará a organización e réxime de persoal da alta inspección, así como a súa dependencia e procedementos de actuación.

DISPOSICIÓN FINAL NOVENA. Desenvolvemento da presente Lei.

As normas desta Lei poderán ser desenvolvidas polas Comunidades Autónomas, a excepción das relativas a aquelas materias que a mesma Lei lle encomenda ó Goberno ou que, pola súa propia natureza, corresponden ó Estado conforme ó establecido na disposición adicional primeira, número 2, da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación.

DISPOSICIÓN FINAL DÉCIMA. Do carácter de Lei Orgánica da presente Lei.

A presente Lei ten o carácter de Lei Orgánica, a excepción dos seguintes preceptos: os artigos 5 e 6 do Título preliminar; os capítulos II e III do Título I; os artigos 17, 18 e 19 do capítulo IV do Título I; os apartados 3 e 4 do artigo 23 e os artigos 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, así como os apartados 1, 2 e 5 do artigo 37 do capítulo V do Título I; o artigo 38 e o artigo 39 do capítulo VI do Título I; os artigos 40 e 41, e os artigos 43, 44, 45, 46, 47 e 48 do capítulo VII do Título I; o Título II; III; IV; os artigos 66, 67, 68.1, 2, 3, 6, 7 e 8, 69, 70, os apartados 2 e 4 do artigo 72, o artigo 85 e o artigo 92.3 e 4 do Título V, o Título VI e o Título VII, disposicións adicionais primeira, segunda, terceira, cuarta, sexta, sétima, oitava, novena, décima, undécima, duodécima, décimo quinta, décimo sexta e décimo sétima, disposicións transitorias segunda, cuarta, quinta e sétima, e disposicións finais segunda, apartados 2, 3 e 4, terceira, cuarta, quinta, sexta, sétima, oitava, novena e undécima.

DISPOSICIÓN FINAL UNDÉCIMA. Da entrada en vigor.

A presente Lei entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

Por tanto, Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que garden e fagan gardar esta Lei Orgánica.

Madrid, 23 de decembro de 2002.

- Juan Carlos R. -

O presidente do Goberno,  
José María Aznar López.